Memoria de actividades

2015

COGAMI

Introdución
Carta do Presidente de COGAMI
Presentación COGAMI
Organigrama

Áreas de COGAMI

05 FORTALECEMENTO MOVEMENTO ASOCIATIVO

10 FORMACIÓN E EMPREGO

14 TRABALLO SOCIAL

20 ACCESIBILIDADE

24 LECER

28 INNOVACIÓN E MELLORA

32 COMUNICACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

39 ACTIVIDADES VINCULADAS Á ECONOMÍA SOCIAL

44 MEMORIA ECONÓMICA

50 ASOCIACIÓNS MEMBRO

68 FINANCEIROS

Queridas amigas e amigos:

Xa pasou o 2015, voou. Teño a sensación de que pasou case sen decatarnos, e iso que foi un ano importante. Celebramos o noso XXV Aniversario, pode que non con todo o esplendor que podía merecer, as circunstancias son as circunstancias, pero sen dúbida, o acto do 11 de setembro quedará no noso recordo por xuntarnos máis de mil amigas e amigos para celebralo nunha xornada de ledicia para todas as persoas asistentes.

Xa case nin nos acordamos que en 2015 tivemos eleccións en COGAMI, con novas incorporacións á Xunta Directiva. Foi un ano no que, por fin, puidemos consolidar os centros de recursos de Lugo e Medelo, terminároнse as instalacións do centro de recursos de Mos e do centro de formación de Navia.

Novas entidades incorporáronse a COGAMI, a través das Federacións, a Asociación Galega de Fibrose Quística (AGFQ) e GRUMICO. Benvidas compañeiras, todas as mans son poucas.

Galega de Economía Social (GES) vai superando estes anos tormentosos de grandes dificultades, consolidando os resultados económicos e de emprego.

2015 foi un ano de moito traballo, moitas horas dedicadas a preparar o novo plan estratéxico de COGAMI. Traballo que ten que ver a luz como un novo xeito de traballar todas e todos para acadar os obxectivos da organización, sen esquecer o día a día, como demostra o ter mantido as certificacións de excelencia.

Por fin aprobouse a nova Lei Galega de Accesibilidade, agora teremos que estar pendentes do desenvolvemento regulamentario. Pero sen dúbida, foi un importante paso adiante.

Seguramente, poderiamos ter feito máis, queda aínda moito por conseguir, pero neste momento de lembranza vámolo deixar en positivo. Imos a felicitarnos polo traballo de todas e todos, asociacións, voluntariado, persoas colaboradoras e persoal directivo.

Témonos que encher de ilusión, de gañas, de forza, xa que aí fóra fai moito frío e moitas persoas seguen esperando por nós.

Unha aperta a todas e todos.

PRESENTACIÓN

COGAMI, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por 55 asociacións e delegacións de entidades de persoas con discapacidade física e orgánica. Presta servizos ás persoas con discapacidade e xestiona directamente 12 iniciativas empresariais de economía social que empregan a máis de 800 persoas. Moitas destas iniciativas empresariais xurdiron a partir de proxectos europeos.

MISIÓN

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

VISIÓN

Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

VALORES

COGAMI adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Ademais, adopta estes valores:

Valores de Xestión:

- **Transparencia**
- **Mellora continua**
- **Innovación**
- **Calidade**
- **Profesionalidade**
- **Democracia interna**
- **Enfoque de xénero**

Valores da entidade:

- **Defensa de dereitos das persoas con discapacidade**
- **Igualdade interseccional**
- **Solidariedade**
- **Participación**
- **Implicación Social**
- **Independencia**

Xunta Directiva de COGAMI

ESTRUTURA ASOCIATIVA

A nivel autonómico, COGAMI é unha das fundadoras do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e tamén da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia). A nivel estatal, forma parte de COCEMFE (Confederación Coordinadora Estatal de Personas con Discapacidad Física y Orgánica de España).

COGAMI está constituída por 16 asociacións membro directo, sendo estas 4 federacións provinciais, 2 entidades autonómicas e 11 asociacións comarcais. Estas catro federacións están integradas por outras asociacións, ata conformar un movemento asociativo de 55 entidades.

PLAN ESTRATÉXICO

En 2015 rematou o segundo plan estratéxico de COGAMI, un plan que supuxo entre outras melloras:

- Que un número importante de zonas de actuación de COGAMI e das entidades membro conten na actualidade con financiamento estable.
- Unha renovación tecnolóxica de toda a organización.
- Un incremento importante de fondos propios que nos permitiu manter os principais servizos de COGAMI a pesar da crise económica.

Durante o ano 2015 comezouse un novo proceso de reflexión estratéxica que rematou a finais do mesmo co 3º plan estratéxico da organización para os vindeiros 4 anos.

SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA

En 2009 COGAMI consegue o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 200+EFQM,** acadando o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 300+EFQM** en 2011 e en 2013 superouse un dos obxectivos estratéxicos, o **SELO EXCELENCIA EUROPEA 400+ EFQM**, un selo que se volve a manter tras superar satisfactoriamente a avaliación que nos realizaron en 2015. Estes recoñecementos reflicten que temos un modelo de xestión de calidade, comprometido coa procura da excelencia na xestión da entidade e no desenvolvemento dos servizos que ofrece.



Fortalecemento do movemento asociativo

1. DINAMIZACIÓN

A área de Fortalecemento do Movemento Asociativo (FMA) desenvolve actividades de información e asesoramento, xestión de recursos, programación e organización de cursos formativos, de saúde e sensibilización social e de lecer, co fin de apoiar toda a rede de entidades que conforman COGAMI, con especial enfoque no rural.

Segundo as necesidades das persoas con discapacidade usuarias, diferenciamos estas actividades en tres áreas, sendo estas de apoio:

1. á mellora da saúde.
2. ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias.
3. ao lecer lúdico-educativo.

Durante o ano 2015 participaron 1.121 persoas con discapacidade, 648 homes e 473 mulleres, nestes programas.

1.121 persoas participaron en actividades de dinamización

Área de apoio á mellora da saúde

Realízanse programas e actividades dirixidas ao apoio á rehabilitación para conseguir mellorar a independencia funcional físico-motora das persoas participantes, deter ou minimizar os procesos dexenerativos, estimular as posibilidades de movemento e autonomía persoal, potenciar as capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade. **Participaron 131 persoas,** 69 homes e 62 mulleres.

As actividades divídense en:

- **Actividades Físicas:** como a fisioterapia, a natación terapéutica ou a ximnasia, que serven para mellorar as capacidades físicas.
- **Desenvolvemento Cognoscitivo,** como o traballo das habilidades sociais e comunicativas, da atención psicolóxica e da autonomía, para mellorar as capacidades cognoscitivas.

Clases de natación terapéutica no centro de recursos de Mos

Entidades de COGAMI participan no Día do Voluntariado de Iberdrola

Sinatura convenio coa Deputación de Pontevedra

Xuntanza co alcalde de Ponteareas

Área de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias

Son accións dirixidas a capacitar ás persoas participantes a través de actividades formativas de carácter básico ocupacional, programas e actividades dirixidos ao ámbito familiar e actividades de apoio da mellora física. Esta área engloba tamén o programa de apoio á autonomía persoal desenvolvido nos centros de Mos e Fingoi. **Participaron 160 persoas**, 97 homes e 63 mulleres.

Dentro desta área desenvolvemos:

- **Programas de formación específica para persoas con grandes discapacidades e para persoas con especiais dificultades de inserción laboral.** Dentro do programa de Apoio á Autonomía Persoal, impartiuse un curso a distancia de Informática e Aplicacións Especiais para Persoas con Grandes Discapacidades no que se formaron 7 persoas.

- **Programas de formación de carácter básico e ocupacional,** como os cursos de Educación para adultos e obradoiros prelaborais en Mos, Ferrol e Tomiño. Actividades da vida diaria de Mos e informática á carta en Ponteareas.

- **Programa de apoio á autonomía persoal** desenvolvido nos centros de Fingoi e Mos para persoas con grandes discapacidades ou especiais dificultades de inserción laboral, consiste nunha programación individualizada que mestura formación e servizos de apoio segundo un itinerario personalizado para cada participante.

Centro de Fingoi

Cursos	Servizos de apoio
Formación Básica	Fisioterapia
Formación Prelaboral 1 e 2	Terapia Ocupacional 1 e 2
Formación en Alimentación e Hábitos Saudables	Actividades Físico-Deportivas
Coñecemento do Medio Social	
Formación en Habilidades de Coidado Persoal	
Informática e Aplicacións Especiais	
Xestión Administrativa Contable (a distancia)	

Centro de Mos

Cursos	Servizos de apoio
Curso de Técnicas de Redución, Reutilización e Reciclaxe 1 e 2 Curso de Cultivos Ecolóxicos 1 e 2 Curso de Competencias Básicas para o Emprego 1 e 2 Curso de Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación 1 e 2	Fisioterapia Terapia Ocupacional 1 e 2 Actividades Físico-Deportivas

Área de apoio ao lecer lúdico-educativo

Actividades ligadas ao lecer e tempo libre dirixidas a persoas con discapacidade, xunto con outras ligadas ao ámbito educativo, cultural, formativo, etc. En 2015 desenvolvéronse **90 actividades de lecer e educativas**, nas que participaron un total de **830 persoas**, 482 homes e 348 mulleres.

As asociacións incrementaron nun 35% as solicitudes de apoio

2 . ASOCIACIONISMO

Destacamos a existencia dun aumento das solicitudes de apoio recibidas dende as asociacións á área de FMA. Durante 2015 recibimos **358 solicitudes de apoio**, un incremento do 35% dende o ano pasado e do 832% dende o ano 2010. Están **resoltas o 96% das solicitudes** de 2015 e o 4% están en proceso de resolución. Tamén foron resoltas durante o ano doce procesos de apoio que quedaron pendentes do ano 2014.

Os apoios foron de tipoloxía diversa, dende solicitudes de información ata redacción de estatutos, negociación con administracións públicas, xestións para centros e confección de solicitudes de subvencións e axudas.



O presidente da Deputación de Lugo visita o centro de Fingoi

Aula de novas tecnoloxías para persoas con grande discapacidade en Fingoi

Formación continua para asociacións

Cursos de **formación continua**, destinados ao persoal laboral de 19 entidades, asociacións e centros que están adheridos ao convenio de Formación Continua. Un destes cursos foi de Intelixencia Emocional nas Organizacións, impartiuse en Santiago e asistiron **15 persoas**. Tamén se impartiron 2 cursos de Mobilización e Transferencias en Persoas con Mobilidade Reducida, realizados nas instalacións de COGAMI en Medelo (Silleda) e Navia (Vigo), e asistiron **15 e 17 persoas**, respectivamente.

2 entidades incorporadas a COGAMI en 2015

Proxecto En-Red-Arte

En colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, COGAMI iniciou o proxecto "En-Red-Arte", un amplo programa de actividades culturais a desenvolver durante 2015-2016 en **20 asociacións e centros** e do que se prevé que se beneficien **máis de 300 persoas con discapacidade**. Contempla a realización de **6 obradoiros**, dos que os 2 primeiros comezaron a realizarse en 2015: obradoiro de artes plásticas "Laboratorio de Arte", escritura creativa "Narrando Palabras Viaxeiras", fotografía artística "Enfoques", teatro "EnMáscaras", música tradicional e popular "Letras Soadas" e danza contemporánea "DanzArte".

Novas incorporacións

Durante o ano incorporáronse a COGAMI, a través da Federación COGAMI-Coruña, dúas entidades novas:

- GRUMICO – Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña

GRUMICO
GRUPO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA CORUÑA

- AGFQ – Asociación Gallega contra la Fibrosis Quística

Fibrosis Quística
ASOCIACIÓN GALLEGA
www.fqgalicia.org

Tamén se abriron cinco procesos de posibles incorporacións a COGAMI, tres na Federación de COGAMI-Pontevedra e dous na Federación COGAMI-Coruña.

Comisión Sociosanitaria:

A Comisión Sociosanitaria de COGAMI, composta por 23 entidades, participa activamente no Consello Asesor de Pacientes do Sergas. Este ano tomou parte na valoración da posta en marcha da plataforma É-Saúde do Sergas e no grupo de avaliación documental, que é o encargado de valorar os documentos sobre enfermidades e procesos que se subirán a esta plataforma, e asistiu a cinco actos de sanidade e reunións con diferentes grupos de interese. No mes de abril recibiunos o Valedor do Pobo, a quen se lle expuxo a necesidade de apoio da oficina do Valedor para levar a cabo reclamacións de entidades que non se solucionan por outras vías.

Xuntanza da comisión sociosanitaria de COGAMI

A Comisión Sociosanitaria encárgase de revisar documentación de interese para as entidades membro. Este ano presentáronse alegacións a través do Cermi, do Ministerio e do Sergas; enviáronse alegacións ao proxecto de orde SSI/2015, que regula o procedemento de oferta de produtos ortoprotésicos.

23 entidades conforman a Comisión Sociosanitaria

Fixéronse aportacións ao proxecto de RD polo que se regula o financiamento e fixación de prezos de medicamentos e produtos sanitarios; enviáronse aportacións á orde sobre o Consello de Bioética de Galicia e ao borrador de decreto da Historia Clínica Social. Por último, tratou as incidencias derivadas das asociacións ACADAR, ANDADE e COGAMI en temas de accesibilidade, acceso ao tratamento e asistencia sanitaria.

3 . CENTROS DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

-En funcionamento e con permiso de inicio de actividade (PIA) Xunta de Galicia

Destacan os tres centros de COGAMI con autorización da Xunta en funcionamento na actualidade, sendo estes:

Centro de día de Monteporreiro: con capacidade para 20 prazas. Durante este ano participaron 12 persoas procedentes de Pontevedra$_{(7)}$, Barro$_{(1)}$, Poio$_{(2)}$, Cangas$_{(1)}$, Moraña$_{(1)}$, e Valga$_{(1)}$.

Centro de recursos (centro día e centro ocupacional) para persoas con discapacidade de Medelo: Con capacidade para 50 prazas, en 2015 participaron 22 persoas procedentes dos concellos de: Vedra$_{(3)}$, A Estrada$_{(13)}$, Silleda$_{(1)}$, Vila de Cruces$_{(1)}$, Lalín$_{(1)}$, Cuntis$_{(2)}$ e Forcarei$_{(1)}$.

Centro de día de Fingoi: Foi autorizado en 2015 para unha capacidade de 60 prazas. Durante o ano foron admitidas 9 persoas usuarias en estancia de xornada completa e 11 en media xornada. O proceso de resolución de ingresos segue aberto e o centro espera máis ingresos en 2016. De momento, as persoas con praza repártense da seguinte maneira: Lugo$_{(15)}$, Sarria$_{(3)}$, Begonte$_{(1)}$ e Rábade$_{(1)}$.

Nos tres centros, as persoas usuarias participan nun programa mixto onde se desenvolven diversos programas de forma simultánea de habilitación e atención:

- Habilitación e mantemento físico-cognitivo: realizáronse actividades físicas e deportivas, rehabilitación física, terapia ocupacional, audición e linguaxe, natación terapéutica-hidroterapia, etc.
- Habilitación formativa e profesional: impartiuse informática e TICs, formación básica e académica, talleres de habilidades prelaborais e formación profesional.
- Atención persoal: realízase intervención e apoio psicolóxico e obradoiros de habilidades persoais e xerais.
- Atención social: realízanse obradoiros de habilidades sociais e comunicativas, desenvolvemento na comunidade, programas de traballo social individualizado, promoción da vida independente e actividades no exterior (actos da comunidade).

-En funcionamento e sen permiso de inicio de actividade (PIA) Xunta de Galicia

- **Novo centro de recursos de Mos.** Está en marcha o proceso de posta en funcionamento dun centro de día, un centro ocupacional e unha vivenda tutelada, con capacidade para 30 prazas de centro de día, 20 prazas de centro ocupacional, 15 prazas de formación (1 aula homologable) e 5 prazas de vivenda tutelada. Durante o ano participaron 56 persoas nun programa mixto onde se desenvolven, de forma simultánea, accións formativas e servizos de apoio persoal e social dentro de itinerarios personalizados de apoio á autonomía persoal.
- **Centro de día de A Coruña:** con actividades e en trámite para abrir como centro de día con capacidade para 30 prazas en 2016.
- **Centro de día de Ferrol:** atópase en situación de cese temporal como centro, pero con actividades diarias.

Formación e emprego

Curso de condutor de autobús+ CAP en Vigo

Prácticas do curso de xardinería impartido en Santiago

1. FORMACIÓN

O programa de formación que desenvolve COGAMI está adaptado ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade, tendo por finalidade a dotación de competencias para capacitar o seu desenvolvemento profesional.

Cursos impartidos

Cada vez que se imparte un curso, téñense en conta as necesidades da persoa e tamén as demandas do tecido empresarial da zona, porque o obxectivo final desta formación é lograr a inserción laboral das persoas con discapacidade, as principais destinatarias deste servizo.

Durante 2015, realizáronse **37 accións formativas** nas que participaron **487 persoas**. Destes cursos, 1 foi a distancia, e nel participaron 15 persoas, a maioría destas residentes no rural. Ao rematar as clases teóricas, 183 persoas realizaron prácticas en empresas.

Convenio de Formación Profesional para persoas con discapacidade en Galicia

Dentro deste Convenio financiado pola Consellería de Traballo e o FSE realizáronse **16 accións formativas** nas que participaron **213 persoas** de toda Galicia.

As temáticas destes cursos foron: xestión de stocks, técnicas administrativas de oficina a distancia, auxiliar de servizos e controlador de accesos, condutor/a de autobús+cap, auxiliar de oficina, xestor de comercio, xardinería, auxiliar en transporte de persoas con discapacidade/ dependente e operario/a de carretilla elevadora.

Cursos AFD

Ao igual cos anteriores, subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar, en 2015 COGAMI impartiu **9 cursos AFD** nos que se formaron **119 persoas** en operacións de gravación e tratamento de datos e documentos, actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais e xestión de chamadas de teleasistencia.

487 persoas formadas nos 37 cursos impartidos

Outros cursos

Outros cursos impartidos por COGAMI foron: un curso de Ofimática en Vigo financiado pola Deputación de Pontevedra ao que asistiron 15 persoas; 2 cursos de Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais financiados pola Fundación ONCE e nos que se formaron 30 persoas; 6 cursos financiados por FOREM nos que se formaron 80 persoas; en Ferrol impartíronse os cursos de intervención na Atención sociosanitaria en institucións, apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións e primeiros auxilios, en Vigo Primeiros auxilios e Manipulador de alimentos e

en Boiro Primeiros auxilios. Dentro do INCORPORA realizáronse 3 accións formativas de 300 horas de duración cada un: Auxiliar de caixa e reposición, Operacións auxiliares de oficina e de gravación de datos e Actividades de xardinería.

2. EMPREGO

Un dos principais referentes na especialización dos servizos de emprego é o **Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego (SIL)**, que concentra a maioría das accións dirixidas ás persoas durante o proceso de busca de emprego. Nace en 1996 como unha aposta de COGAMI pola inclusión das persoas con discapacidade no mercado laboral. É centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia e autorizada como Axencia de Colocación recoñecida co nº 1200000003. Esta área conta cun equipo formado por 40 orientadoras e orientadores laborais e axentes de emprego que traballan nas 7 oficinas que ten COGAMI (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo), para atender as necesidades das zonas urbana e rural.

A principal actividade do SIL céntrase na realización de entrevistas e orientacións laborais, visitas a empresas, realiza accións grupais de busca de emprego e de motivación e intermediación laboral entre a persoa usuaria e a empresa. Esta actividade desenvolverase segundo a quen se dirixan, sendo:

Persoas con discapacidade, o SIL proporciónalles as ferramentas necesarias para a busca activa de emprego ofrecendo:

- Información, asesoramento, orientación e motivación.
- Captación de ofertas de traballo.
- Recursos formativos e laborais.

Empresas, o SIL facilítalles:

- Persoas traballadoras cualificadas para atender as súas demandas de emprego.
- Asesoramento e información sobre contratacións, axudas ou bonificacións, adaptación dos postos de traballo, etc.
- Apoio á empresa no proceso de incorporación de persoal.

Logros do SIL en 2015

O número de persoas que resultaron atendidas polo SIL durante 2015 foi de 4.356 persoas, sendo **1.477 novas persoas usuarias**, que pasaron a formar parte da nosa base de datos que xa conta con 26.170 persoas con discapacidade inscritas.

4.356 persoas atendidas polo SIL

O perfil maioritario destas persoas usuarias é de home (61%), con idade comprendida entre os 41 e 55 anos (47%), con escasa cualificación formativa ou estudos primarios (70%), con discapacidade física (74%). Estes datos evidencian que gran número das discapacidades son sobrevidas, sendo necesario un proceso de

Empresarios do Barbanza entregan Premio Dolmen de Ouro a COGAMI

Entrevista de orientación cunha usuaria do SIL

Entidades que conforman o programa Incorpora de Obra Social La Caixa

Participación do SIL na entrega dos premios Innovación de Vodafone

reorientación laboral, pasando necesariamente pola formación. O maior número de persoas proceden da provincia de A Coruña (44%), seguida da de Pontevedra (36%), Ourense (11%) e Lugo (9%).

Paralelamente, o SIL **visitou 609 empresas novas,** propiciando a inserción de 1.965 persoas con discapacidade. Durante estas visitas, infórmase, oriéntase e asesórase á empresa en todo o proceso de contratación.

Participación en xornadas

Resulta de especial interese que o SIL participe en foros e xornadas empresariais, co fin de ofrecer información sobre este servizo. Por iso, en 2015, o Servizo de Intermediación Laboral participou nos seguintes:

- Xornada de RSE de Cegasal coa Cámara de Comercio de A Coruña.
- Xornada RSE no espazo Coworking DÁLLE QUE DÁLLE en Vilagarcía.
- Participación na Xornada do día dos empregados de Vodafone.
- Participación na XI Xornada Nacional de Artrite.
- Participación nos Premios de Innovación Vodafone.
- Xornada explicativa sobre itinerarios personalizados no Ciclo Técnico de Integración Social do CIFP Compostela.
- Participación na Xornada de entrega dos premios “Dolmen de Ouro” da Federación de Empresarios de Barbanza.

1.965 inserciónns laborais logradas polo SIL

Desenvolvemos programas de emprego

O SIL presta especial atención a aquelas persoas con discapacidade que teñen máis dificultades á hora de atopar un traballo, para elas, desenvolve estes programas específicos de inserción laboral, como:

- **Programa Vodafone** para a inserción laboral das persoas con discapacidade en Galicia a través do uso das TIC´s, que contou coa participación de 150 persoas desempregadas, das que o 62% lograron inserirse, sendo un total de 93 persoas.

- **Programa Integrado** para a igualdade de oportunidades na inserción laboral de persoas con discapacidade, a través do que se busca informar, asesorar, formar e capacitar a 100 persoas participantes, das que o 62% conseguiron a inserción laboral.

- **Programa Incorpora** para a inserción de persoas en risco de exclusión. Formamos parte da rede Incorpora Galicia e somos punto formativo deste programa na provincia de Lugo.

Traballo social

Traballo Social

Ten como obxectivo promover o cambio social, solucionar problemas nas relacións humanas e fortalecelas para incrementar a autonomía e independencia das persoas con discapacidade e as súas familias, se é o caso. Dende esta área intervense nos puntos nos que as persoas con discapacidade e as súas familias interactúan coa súa contorna, acorde á misión, visión e valores de COGAMI.

3.002 consultas atendidas

Servizo de Información, Asesoramento e Orientación

Está presente en todas as oficinas e asociacións membro de COGAMI e fórmano un equipo interdisciplinar de profesionais con ampla experiencia na resolución de consultas, que segundo a temática, divídense en:

- Asistencia persoal
- Formación e emprego
- Aspectos legais
- Accesibilidade
- Recursos sociais

En 2015 COGAMI respondeu **3.002 consultas,** que podemos clasificar do seguinte xeito:

TEMÁTICA	TOTAL
COGAMI	101
Asistencia persoal	343
Educación	38
Voluntariado	98
Centros especiais emprego	13
Axuda domiciliaria	29
Dependencia	148
Certificado de discapacidade	564
Emprego	210
Vivenda	57
Accesibilidade	273
Axudas económicas	361
Centros residenciais	54
Asociacionismo	71
Lecer	220
Sanidade	14
Autoemprego	46
Produtos de apoio	82
Formación	76
Outros	204
TOTAL	**3.002**



Charla de sensibilización sobre a discapacidade a escolares

Equipo de profesionais da área de traballo social

Xestión de Recursos

Temos persoas usuarias que demandan apoio á hora de presentar a solicitude dos diferentes recursos aos que teñen dereito, polo que non só se aporta apoio de carácter informativo, tamén se capacita ás persoas á hora de cubrir solicitudes, orientándoas cara ao organismo ao que deben dirixir a solicitude, e/ou realízase un acompañamento no proceso. En 2015 realizáronse **máis de 180 xestións de recursos**.

Intervención social

O fin último do servizo acádase cunha metodoloxía de traballo que consiste na realización dun conxunto de intervencións profesionais que están encamiñadas a fomentar o empoderamento das persoas con discapacidade, a promoción da autonomía e independencia, así como a participación en igualdade de oportunidades. Os niveis de intervención social son:

- Traballo e apoio social coas persoas con discapacidade, a nivel individual e persoal.
- Traballo e apoio social coas familias, se é o caso.
- Traballo e apoio grupal (aulas, cursos de formación a distancia, obradoiros prelaborais,...)
- Traballo coa comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.

Áreas de actuación

Muller: a existencia continuada de discriminacións e prexuízos inxustificados e invisibilizados privan ás mulleres con discapacidade da oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade de condicións. Para evitar isto, desenvolvemos diferentes accións:

Intervención Social continuada, para a prestación de apoio social e familiar e a mobilización de recursos tanto públicos coma privados, potenciando e contando cos xa existentes na súa comunidade de orixe. Participaron 182 mulleres e familiares.

Recursos de apoio e acompañamento a vítimas de violencia, prestando atención, acompañamento e apoio personalizado adecuado ás características de cada muller, de xeito individual ou grupal segundo o caso. Apoiouse a 44 mulleres.

Menores/Educación: a intervención dirixiuse fundamentalmente cara á integración educativa obrigatoria e á defensa dos dereitos dos menores con idades entre 1 e 17 anos e familias. Realizouse intervención dirixida cara á integración educativa obrigatoria e a defensa dos dereitos de autodeterminación, integración, normalización e formación inclusiva, dereito á cota de reserva de praza... Outras actuacións foron dirixidas cara á atención temperá ou a actividades de lecer. Participaron 13 menores e familias.

Persoas con grande discapacidade: xestiónase o servizo de Promoción da Autonomía Persoal que se centra no asesoramento de cara á autoxestión por parte da persoa usuaria e profesionais da asistencia persoal. A xestión da asistencia persoal implica intervir coas persoas con discapacidade e en situación de grande dependencia e dependencia severa; intervir coas súas familias, centrándonos na figura da coidadora informal principal e coas persoas contratadas como asistentes persoais. Un total de 66 persoas son usuarias deste servizo e 189 asistentes persoais, realizáronse 40 visitas e 1.684 seguimentos.

Realizamos intervencións sociais a mulleres, menores e persoas con grande discapacidade

Outras intervencións: aquí englóbanse as actuacións encamiñadas á consecución de reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos, acceso ou continuidade á formación, coñecemento de dinámicas familiares, apoio psicosocial,... En 2015 impartiuse un curso de informática e aplicacións especiais para persoas con grande discapacidade no que participaron 4 persoas. Por outra banda, traballouse con 37 persoas o reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos,...

Centros ocupacionais e aulas de educación de adultos: desenvolvemos un traballo conxunto con profesionais dos servizos da comunidade (traballadoras/es sociais, educadoras/es, psicólogas/os,... dos servizos sociais de atención primaria municipais e de saúde), con profesionais doutras entidades públicas ou do movemento asociativo para a prestación dos servizos ou realización de actividades. No programa de apoio ao desenvolvemento integral das persoas con

Xornada de sensibilización impartida en CEIP Caldelas de Tui

Xuntanza con dúas voluntarias do programa Voluntariado Europeo

discapacidade, realízanse as historias sociais e seguimentos anuais ás familias que esixe o control de legalidade. Desenvólvense actuacións específicas encamiñadas á prestación de apoio social individual, familiar, grupal e comunitario como servizo complementario ás actividades do programa nos centros de recursos de Valadares, Medelo, Monteporreiro, Lugo e nos centros ocupacionais de Mos e Ferrol. Neste programa participaron 141 persoas e familias.

Proxectos específicos: son plans de atención individualizada, orientados a persoas cun grao de discapacidade igual ou maior ao 75% ou cun grao menor pero que, polas súas características e/ou circunstancias persoais (como pode ser a necesidade de terceira persoa, mobilidade reducida, sobreprotección familiar,...), precisen dun apoio que leva consigo a necesidade de realizar coa persoa determinadas accións previas á súa inserción (de formación, de emprego, para mellorar a súa autoestima, as súas habilidades comunicativas, de relación cos demais, de habilidades sociais en xeral). A fin última é lograr a inserción no mundo laboral. Os plans de atención individualizada están orientados a persoas que precisen dun apoio que leva consigo a necesidade de realizar accións previas á súa inserción laboral. En 2015 participaron 40 persoas.

Voluntariado

A Rede de Voluntariado de COGAMI nace a finais de 2001 coa finalidade de canalizar os proxectos de voluntariado que se desenvolven na organización. Destacan estes programas:

- Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade dentro e fóra do domicilio, natación terapéutica, apoio educativo...
- Sensibilización e concienciación en temas de discapacidade.
- Formación básica e especializada en voluntariado e discapacidade.

726 persoas apuntadas na bolsa de voluntariado

Durante 2015, comezaron a colaborar con nós un total de **91 persoas**, conformando a nosa bolsa de voluntariado un total de **726 persoas**, podendo afirmar que, como media, son **132 persoas voluntarias** as que participaron en actividades que **benefician a máis de 5.000 persoas** con discapacidade e familias.

En 2015 leváronse a cabo estas actividades:

Actividades COGAMI	Programas de voluntariado de COGAMI, acompañamentos dentro e fóra do domicilio, actividades de lecer e deportivas, apoio nas actividades de rehabilitación, apoio educativo, reforzo de habilidades sociais, actividades de sensibilización e concienciación no eido da discapacidade,…	174 persoas voluntarias e 4.925 persoas beneficiarias directas e indirectas
Voluntariado Xuvenil	A través do programa "Acompáñote" persoas voluntarias realizaron acompañamentos a persoas con discapacidade de cara á fomentar unha participación social activa.	8 persoas voluntarias e 24 persoas beneficiarias
Charlas e seminarios	Seminario de formación básica en voluntariado "Atención á Diversidade" en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.	54 persoas beneficiarias
Servizo Voluntario Europeo (SVE)	Como entidade acreditada dentro do SVE, participamos en 2 proxectos onde acollemos a 3 persoas voluntarias que realizan actividades nas oficinas e centros de COGAMI.	3 persoas voluntarias

1.632 persoas asistiron ás 76 charlas de sensibilización

Sensibilización e concienciación

Realizáronse actuacións dirixidas a sensibilizar e concienciar ao conxunto da poboación sobre diversos aspectos da discapacidade, como son:

Campaña de prevención de lesións medulares	Impartíronse **18 charlas** nos colexios e institutos de 11 concellos por toda Galicia.	asistiron 467 persoas
Campaña de concienciación e normalización da discapacidade	**27 charlas sobre aspectos psicosociais da discapacidade,** en colexios e institutos de 7 concellos distintos.	asistiron 351 persoas
	31 xornadas de concienciación e normalización da discapacidade, en 16 concellos de Galicia, nos seus IES, CEIP, Universidades, Fundacións e aulas dos Concellos.	asistiron 814 persoas

Accesibilidade

ACCESIBILIDADE

Esta área iniciou en agosto de 2003 co fin de asesorar sobre axudas técnicas e lexislación de referencia. A partir de 2004, realiza actividades propias de consultaría: asesoramento, formación e elaboración de plans de accesibilidade, tendo como obxectivo principal **humanizar espazos e servizos** conforme a criterios de eliminación de barreiras máis deseño universal.

Resultados Obtidos

A prestación do servizo de consultas á persoas, familias, máis entidades públicas e privadas, mantén unha tendencia de crecemento afianzada no tempo. Dende os inicios, resolvéronse 2.648 expedientes, cunha media de 221 respostas por ano. Durante 2015, atendéronse 282 casos.



A procedencia das consultas é coherente coa distribución demográfica da poboación, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as principais demandantes do servizo. Cabe destacar a petición de información desde fóra de Galicia, referida principalmente ao turismo accesible.

282 consultas atendidas en accesibilidade



Proxectos desenvolvidos

Centro Superior de Hostalería de Galicia: impartimos formación a profesionais no programa Aula Itinerante de Turismo. Impartíronse seis módulos, en Boiro, Corcubión, Foz, Monforte de Lemos, Noia e A Rúa de Valdeorras.

Deputación de Pontevedra: realizamos o plan de accesibilidade para o complexo educativo Príncipe Felipe.

Instalacións das novas oficinas de COGAMI en Vigo

O antes e o despois da entrada dun edificio no que eliminaron barreiras

Mancomunidade Terras de Pontevedra: realizamos a avaliación e selección dos reclamos turísticos accesibles de Campo Lameiro, Cotobade, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, e Vilaboa.

Concello de Tomiño: deseñamos a segunda fase do plan de accesibilidade para edificios públicos, torreiros máis principais vías urbanizadas.

Universidade de Vigo: trazamos o plan de accesibilidade para o campus universitario.

Proxectos Propios: asesoramento e seguimento nos proxectos dos locais das asociacións MISELA (Noia), da nova oficina COGAMI-Vigo e do novas instalacións do edificio COGAMI-Mos.

Demostración dunha cadeira de rodas que se pon en vertical

Curso sobre accesibilidade universal para futuros hostaleiros en Boiro

Accións de colaboración

A área de accesibilidade de COGAMI participa nas seguintes administracións públicas:

Xunta de Galicia: entidade membro do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade.

Concello de A Coruña: entidade membro do GAC (Grupo Acceso Coruña).

Concello de Santiago: entidade membro dos grupos de traballo para o Plan de Mobilidade Sostible.

Deseño do paseo das Salinas de Ulló, en Vilaboa

Lecer

LECER

Dedicar un tempo ao lecer, ao esparexemento, ao descanso da rutina é necesario para acadar o benestar, e debe realizarse en condicións, sen excluír nin discriminar ás persoas. Dende as asociacións membro, federacións e centros de COGAMI, desenvolveron diferentes actividades lúdicas como saídas e excursións, encontros, festivais, xornadas deportivas, convivencias,...

COGAMI ten unha área específica, a de Lecer, que tanto organiza actividades lúdicas como colabora co patrocinio ou subvención doutras entidades ou organismos, ademais de captar actividades que, organizadas por outras entidades ou pola propia Administración, son interesantes para as persoas con discapacidade. Esta área desenvolveu **57 actividades** nas que participaron un total de **1.040 persoas**. Dentro destas actividades, salientamos:

1.040 participantes en actividades de lecer

PROXECTO GAVEA

Nace en 2002 como unha oportunidade para a participación das persoas con discapacidade en actividades náuticas, derribando as barreiras que o impiden. Este proxecto inicia despois de que a Audiencia Nacional lle incautara ao narcotráfico o veleiro Laion, e llo entregara en garda e custodia a COGAMI. Durante este ano, un total de **233 persoas participaron** nas saídas que realizou o veleiro, que conta cunha tripulación formada por persoas voluntarias.

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
Do 1 ao 4 de xullo	Bautismos de mar	Ribadeo
Do 11 ao 26 de xullo	Bautismos de mar- Volta parcial a Galicia	De Ribadeo a Muros
Do 28 ao 30 de agosto	Bautismos de mar- Regata S.A.R. Infanta Elena	A Coruña
Do 22 ao 24 de setembro	Bautismos de mar con persoas usuarias do CPAP (Centro de Promoción da Autonomía Persoal do IMSERSO en Bergondo)	Sada
26 e 27 de setembro	Bautismos de mar	Ares

Participantes na escola de vela do RCN de Sanxenxo

Participante do proxecto GAVEA embarcando no veleiro Laion

PROGRAMA DE LECER NÁUTICO

Desenvolvemos un programa de lecer náutico que achega o deporte da vela ás persoas con discapacidade, e que contempla un curso de iniciación á vela de 20 horas de duración, ademais dun programa de vacacións con actividades flexibles que se adaptan ás necesidades de cada persoa, proporcionando un "respiro" para a familia e para a propia persoa.

Este programa, que se desenvolve en colaboración coa Fundación Mapfre e o Real Club Náutico de Sanxenxo, desenvolveu **9 quendas** nas que participaron **159 persoas.**

Organizamos 57 actividades de lecer e tempo libre

ESCOLAS DE TENIS ADAPTADO

Traballamos na posta en marcha de escolas de tenis adaptado, en colaboración coa Federación Galega de Tenis e a Escola de Tenis Marineda. En 2015 demos continuidade á escola de tenis iniciada en A Serra de Outes o ano anterior, e puxemos en marcha outra en A Coruña, participando un total de **32 persoas**.

PROXECTO MULTIDEPORTIVO

Durante os meses de outubro, novembro e decembro, **14 persoas** usuarias de COGAMI Coruña, participaron nun proxecto multideportivo que abarcaba disciplinas como a equitación, o tenis e o mergullo adaptados, coa finalidade de dar ás persoas con discapacidade a oportunidade de achegarse ao mundo do deporte de forma inclusiva e recreativa. Este proxecto contou co apoio da subvención concedida polo concello de A Coruña.

PILATES

Durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro un grupo de **12 persoas** de COGAMI-Ferrol participaron nunha actividade de pilates desenvolvida coa colaboración da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.

SOMOS CAPACES- SOMOS CAMIÑO

Con motivo da celebración do 25 aniversario de COGAMI, e como parte da preparación para o reto CUMBRE BEY – KILIMANJARO CHALLENGE, Gema Hassen-Bey acompañounos os días 12 e 13 de setembro na realización dun par de tramos do Camiño de Santiago dende O Pedrouzo a Compostela con grupos de persoas do movemento asociativo de COGAMI, na que participaron un total de **82 persoas.**

Participantes do proxecto Somos Camiño

Programa de hipoterapia en A Coruña

Programa de mergullo en A Coruña

Clase de pilates en Ferrol

Outras actividades nas que participamos:

DATAS	ENTIDADE	ACTIVIDADE	PARTICIPANTES
11 de marzo	ADISBISMUR	TEATRO COMPAÑÍA BLANCA MARSILLACH	51
29 de abril	ADISBISMUR	PLANTA UNHA ÁRBORE	50
29 de abril	ADISBISMUR	VISITA CIDADE DA CULTURA	50
9 de maio	ADISBISMUR CRD FINGOI ÍNTEGRO ÁMBAR	TORNEO INCLUSIVO OPEN DE TENIS EN CADEIRA DE RODAS	79
26 de maio	CRD FINGOI CRD MOS COGAMI SANTIAGO	OBRADOIRO ARTE- CIDEC (USC)	9
3 de xuño	CRD MEDELO ADISBISMUR AMICO	XORNADA MULTIDEPORTIVA- FUNDACIÓN DECATHLON	74
8-9-10 de xuño	CRD MOS	OBRADOIRO MEDIABIOGRAFÍA - CIDEC (USC)	14
16 de xuño	ADISBISMUR	XORNADA DEPORTIVA- COLEXIO SAN NARCISO- MARÍN	52
17 de xuño	CRD NIVEIRO	TEATRO COMPAÑIA BLANCA MARSILLACH	34
27 de xuño	AMICO	SENDEIRISMO- FUNDACIÓN DEPORTE E DESAFÍO	6
26 de setembro	CRD MEDELO	DÍA DO VOLUNTARIADO DE IBERDROLA	40
23 de novembro	ADISBISMUR	XORNADA TENIS- ESCOLA DE TENIS MARINEDA	48
3 de decembro	AMICO	XORNADA DEPORTE ADAPTADO SARELA	1

Participantes das xornadas de tenis en Marineda

Participación na xornada multideportiva en Santiago

Innovación e mellora

Proxectos

Pola súa propia natureza e misión, COGAMI ten que traballar para dar resposta ás novas inquedanzas do grupo social para o que traballa, e paralelamente, tratar de ser sustentable. Para atender a estas dúas necesidades, dende a entidade apóstase pola innovación, esa "i pequena" que non significa outra cousa que pensar en novas solucións para os retos a responder, e que se materializa a través da proposta de proxectos e da busca do seu financiamento.

Esta área en 2015 deseñou 49 proxectos, conseguindo financiamento para 25 deles (quedando 3 pendentes de resolver), e desenvolveu un total de 36 proxectos, contando os xa iniciados en anos anteriores. Estes proxectos desenvolven accións nos seguintes eidos:

- Afectividade e sexualidade.
- Dinamización asociativa.
- Formación e emprego.
- Igualdade de xénero.
- Información, asesoramento e orientación.
- Lecer.
- Muller con discapacidade.
- Novas metodoloxías de traballo.
- Prevención da discapacidade e saúde.
- Promoción da autonomía persoal.
- Voluntariado.

49 proxectos presentados e 36 desenvolvidos

En 2015 rematamos tres proxectos dos que nos sentimos realmente orgullosos, sendo estes os proxectos "Creative Ways" e "Artability". Os dous financiounos a Comisión Europea e con eles descubrimos novas metodoloxías de traballo para o desenvolvemento da autonomía persoal e a mellora na participación social, e que ademais, impulsaron o inicio da investigación das posibilidades de recoñecemento de aprendizaxes adquiridos a través do uso de metodoloxías tradicionalmente relacionadas coas aprendizaxes informais. Neste senso, continuaremos a traballar nos vindeiros anos a través do proxecto europeo recentemente comezado "ARTS: lternative Routes To Success".

O terceiro proxecto que superou as nosas expectativas, e que foi recoñecido cun accesit dos premios á innovación e transformación

Fundación Promi de Córdoba visita COGAMI

Visita a COGAMI do equipo de avaliadores EFQM

social concedidos por "La Caixa", entidade que o financiaba, foi o proxecto "Aprendendo a coñecernos", relacionado coa visión positiva da afectividade e sexualidade das persoas con discapacidade e no que participaron persoas con discapacidade, familias e persoal da entidade. O obxectivo era normalizar o ámbito dos afectos e da sexualidade, permitido recoñecer a propia identidade sexual, as particularidades, a expresión de vivencias e sentimentos... como parte integral dun proceso de desenvolvemento persoal e de autonomía.

Participamos en 3 proxectos europeos

Ademais dende a área de Proxectos prestamos apoio ás federacións provinciais e ás asociacións membro de COGAMI en 8 ocasións para a preparación de diversos proxectos, obtendo financiamento para 5 deles.

A vicepresidenta 2ª de COGAMI recolle o premio de la Caixa polo proxecto Aprendendo a coñecernos

Visita á entidade vasca Lantegui Batuak-Gureak

Calidade

Durante o ano 2015, COGAMI renova o recoñecemento á Excelencia EFQM 400+, tras recibir a visita do equipo avaliador no mes de outubro. A organización destaca pola eficiencia que demostra na súa xestión, poñendo de manifesto o seu compromiso coas necesidades amosadas polas persoas con discapacidade e co mantemento da súa actividade.

Renóvase o selo de calidade na xestión EFQM 400+

O establecemento de alianzas e redes con outras organizacións do Terceiro Sector é un aspecto moi importante para COGAMI. En 2015 destacamos a visita á entidade vasca Lantegui Batuak-Gureak e a colaboración no grupo de Avaliadores Sociais de Fundación Grupo Develop.

Tamén durante este ano, resultou de especial relevancia o proceso de reflexión estratéxica vivido pola organización e que definirá o rumbo a seguir pola entidade para os vindeiros tres anos.

Cursos de formación continua

COGAMI ofrece anualmente formación continua ao persoal laboral como un proceso clave na profesionalización. En 2015 impartíronse 13 cursos nos que participaron 238 persoa.

Durante este ano recibíronse un total de 645 currículos de persoas sen discapacidade que se dirixen á organización coa intención de poder formar parte do cadro de persoal, destacando as titulacións de traballo social, enfermería, auxiliares e asistentes persoais, monitores e docentes, educación social, psicopedagoxía e orientador laboral.

30 estudantes realizaron prácticas con nós

Tamén somos unha entidade que acolle xente en prácticas, sendo 30 estudantes que quixeron completar a súa formación con nós.

Recollida en Madrid do recoñecemento selo EFQM 400+

Comunicación e relacións institucionais

Recoñecementos COGAMI polo XXV Aniversario da entidade

COMUNICACIÓN

Unha entidade necesita comunicarse, a información é fundamental para ofrecer unha imaxe exterior adecuada e para conseguir un bo funcionamento a nivel interno. E disto encárgase a área de Comunicación e Relacións Institucionais, que xestiona a información dunha maneira eficaz e positiva, tanto a nivel interno, como de cara ao exterior.

COMUNICACIÓN INTERNA

- Difundimos quincenalmente un **Newsletter, a Gaceta Dixital,** a persoal laboral e ao movemento asociativo con información sobre concursos, convocatorias, actividades, lexislación, publicacións e proxectos de interese común.

Representantes de Obra Social la Caixa visita as intalacións de COGAMI

Convenio con La Región de Ourense

O vicepresidente de COGAMI recolle o premio Impulso do Popular para proxectos de fomento do emprego

- Recompilamos e enviamos un **resumo de prensa diario** a persoal laboral e entidades, onde reagrupamos informacións difundidas na prensa escrita e dixital nas que se refiren a nós e ao sector social e sanitario.

- Organizamos anualmente a **xuntanza de traballo** para o persoal laboral de COGAMI, coincidindo coa semana de Nadal, unha xornada que resume o traballo desenvolvido durante o ano e adianta os proxectos do seguinte período.

COMUNICACIÓN EXTERNA

- **Difusión nos medios de comunicación.** COGAMI continúa traballando para ser un referente informativo para os medios de comunicación en temas de discapacidade. Durante este ano enviáronse **96 notas de prensa,** das que se publicaron o 90%, obtendo **1.934 impactos** en prensa escrita dixital, televisión e radio.

- **Páxina web.** Recibiu **76.798 visitas** este ano, sendo novas máis do 55%, e das que se interesaron por 277.513 contidos publicados. www.cogami.es.

- **O Boletín.** Publicación trimestral que edita 1.200 exemplares para enviar a persoal laboral, entidades membro, grupo de empresas, Administración Pública, financeiros, colaboradores e voluntariado.

- **Blog** (cogami.blogspot.com) recolle historias particulares de persoas usuarias nosas. En 2015 obtivo **5.679 visitas.**

- **Programa de televisión Somos Capaces.** En 2015, coincidindo coa celebración do XXV Aniversario, emitimos mensualmente un programa na canle de televisión Santiago TV. Patrocinado pola Fundación Iberdrola, en Somos Capaces demos a coñecer distintas facetas da vida relacionadas coa discapacidade.

Xuntanza coa secretaria xeral de Igualdade

Entrevista no programa de actualidade Galicia por Diante da Radio Galega

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda visita COGAMI

EVENTOS

- Coincidindo co **XXV Aniversario de creación de COGAMI,** organizamos un acto para máis de 1.200 persoas asistentes no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela. Este evento foi o escenario no que se entregaron os recoñecementos COGAMI, que recaeron no concello de Pontevedra, a Fundación Vodafone España e no presidente de Cegasal, José Antonio Vázquez, premios que homenaxean o labor a favor das persoas con discapacidade.

- Colaboramos con ATAM (Asociación Telefónica para Asistencia a Persoas con Discapacidade) na presentación en Santiago da **aplicación ViveLibre**, que permite unha vida máis autónoma ás persoas con discapacidade.

Participación na presentación da apliación ViveLibre de ATAM

Xuntanza co presidente da FEGAMP

Redes Sociais

As redes sociais consolídanse cada ano como unha oportunidade de poder interactuar coas persoas que nos seguen, ofrecendo e compartindo contidos de interese para o noso grupo social.

Chegamos ás 5.434 fans e as nosas publicacións alcanzaron as 3.659.316 visualizacións.

@COGAMI_Galicia ségueno 1.958 persoas e obtivo 193.323 impresións.

Conta con 2.305 contactos e ten aberto un grupo para intercambiar impresións sobre formación e emprego, integrado por 221 membros que participaron en 28 debates.

Esta rede conta con 140 seguidores e alcanzou 118.000 visualizacións dende que se abriu.

Os vídeos subidos ao canal Youtube da entidade, COGAMI Galicia, acumularon 28.671 reprodución.

IMAXE

- En 2015 actualizamos a imaxe de COGAMI, unificando todos os materiais corporativos que precisan as distintas áreas: trípticos, roll up, carteis, folletos, rotulación de oficinas, etc.

- Este ano, co motivo do aniversario de COGAMI, contamos cun novo lema, o de SOMOS CAPACES.

Relacións institucionais

COGAMI aposta por establecer relacións entre empresas, administracións, fundacións e outras organizacións sociais para establecer vínculos e alianzas de colaboración. Por isto, comparte

Xuntanza con Podemos Galicia

Xuntanza co PSdeG

Xuntanza co alcalde de Lalín

Xuntanza co alcalde de Ames e a concelleira de Participación Cidadá

Xuntanza co alcalde de Santiago

Xuntanza coa alcaldesa de Lugo

redes de traballo con **CEGASAL** (Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro), **CERMI-GALICIA** (plataforma política que agrupa a entidades da discapacidade física, sensorial, intelectual e enfermidade mental), **COCEMFE** (Coordinadora Estatal de discapacidade física e orgánica) e **EAPN-GALICIA** (Rede Europea contra a pobreza e a exclusión social).

A través destas colaboracións, en 2015 asináronse un total de **91 alianzas**, contratos e convenios de colaboración con entidades do Terceiro Sector, fundacións, empresas privadas, administración pública,... e que comprenden apoio financeiro e tamén de prácticas, material, medios humanos, colaboracións en actos, actividades e programas,...

COGAMI tamén asiste e participa en eventos, congresos, seminarios, foros e charlas nas que nos convidan, sendo todos eles medios propicios darnos a coñecer. En 2015 participamos en **361 redes e foros.**

Xuntanza co alcalde de Ourense

Xornada de Nadal de persoal de COGAMI

Actividades vinculadas á economía social

COGAMI participa maioritariamente en Galega de Economía Social como socio fundador da empresa matriz do grupo mercantil, constituído por nove centros especiais de emprego que operan en sectores diversos como o medioambiental, alimentación, gráficas, textos, transporte e distribución, que compiten con outras empresas que se caracterizan por estar fortemente profesionalizadas e rexerse por principios puramente económicos.

O ano 2015 caracterizouse por unha evolución económica máis favorable no conxunto das iniciativas, xa que se detectaron signos que contribúen á melloría das perspectivas económicas a medio prazo. O contexto estivo marcado por un incremento da cifra de negocio, acompañado pola permanente necesidade de axuste das marxes para mellorar a competitividade. Tamén foi un ano no que se produciron melloras na organización e no control de xestión co obxecto de optimizar os procesos produtivos na busca da eficiencia e a mellora continua.

A consolidación e mantemento dos centros especiais de emprego ten como obxecto a sostibilidade económica das empresas, tendo

A Ministra de Traballo visita Trameve

como base a xeración de emprego estable, a través das empresas actuais, e tendo en conta a oportunidade de novos proxectos empresariais como ferramentas para a integración laboral e social das persoas con discapacidade.

Evolución das empresas

Traballouse no desenvolvemento de procesos encamiñados á mellora da xestión, da produtividade e da competitividade, como tamén do posicionamento comercial en novos mercados e na mellora da imaxe de marca. Para a mellora dos resultados actuais, Galega de Economía Social apostou pola implantación de auditorías internas de procesos, pola profesionalización dos servizos, e pola eficiencia nos procesos e a formación.

Atendendo á evolución económica e financeira, as empresas participadas do grupo prevén pechar o ano cun volume agregado de facturación de 14,7 millóns de euros. O volume de activos estimado a peche é de 14,5 millóns de euros. Por outra banda, acometéronse os investimentos necesarios que permiten a continuidade das estratexias adoitadas por preto de 575.000 euros.

Evolución do emprego nas empresas

O cadro de persoal do conxunto dos nove centros especiais de emprego con actividade está formado por 387 persoas traballadoras, das que máis do 90% teñen discapacidade. A evolución do emprego caracterizouse pola necesidade de facer fortes reaxustes vencellados ao afianzamento da viabilidade das distintas iniciativas, apostando deste xeito por estruturas de emprego máis sólidas e profesionais.

O 90% do cadro de persoal ten discapacidade

Subvención e axudas financeiras percibidas polas empresas

Xestionáronse as subvencións á explotación recibidas do SMI pola propia condición de centro especial de emprego, e ademais as seguintes para adaptación de postos 11.000 euros e persoal para unidades de apoio 25.000.

Traballadora de Hornos Lamastelle

Área de Fondos Propios

Durante 2015, a área de Fondos Propios fixo un importante esforzo na mellora dos servizos xerais que permitirá abordar o crecemento da área, sendo estes servizos de xestión laboral, prevención de riscos laborais e comercialización. A continuación van algúns datos representativos da actividade comercial realizada pola área:

de persoal mensual de 22 persoas traballadoras, e 7 persoas pasaron a ser contratadas pola empresa cliente.

A cifra de facturación de ACTIVA SOCIAL creceu neste ano nun 140% e acadou os 410.000€ en 36 empresas cliente. Estas cantidades foron resultado dun intenso labor comercial reflectido nas máis de 360 visitas a empresas.

RESULTADOS DO PROCESO DE COMERCIALIZACIÓN EN 2015

- Visitas realizadas: 634
- Orzamentos realizados: 230
- Orzamentos aceptados: 17%
- Clientes compradores: 80 (37 actuais)
- Concursos concedidos: 15
- Facturación acadada: 4.439.639 €

Continuouse co labor comercial, incrementando tamén o equipo de técnicos dedicados a esta función en A Coruña, Ourense e Lugo. Isto deu como resultado a realización de 634 visitas comerciais, ademais da participación en eventos e xornadas.

Actualmente, estas son as liñas de produto:

Activa Social ETT

Empresa de traballo temporal que comezou a operar en 2013 na provincia de A Coruña e arestora presta servizos de contratación temporal de persoas con discapacidade en toda Galicia e conta con instalacións en Santiago de Compostela e Vigo. En 2015 xerou 105 contratos laborais e mantivo un cadro

Combina Social

COMBINA SOCIAL foi creada no 2009 co obxecto de inserir laboralmente a persoas con discapacidade a través da realización de servizos auxiliares a empresas como son servizos de limpeza, conserxería, loxística, control de accesos, servizos de consultaría, sociosanitarios, etc. Durante 2015 o número de clientes que contratou os servizos de COMBINA SOCIAL superou os 26, o cal contribuíu a que o importe neto da cifra de negocios fora de 2.000.000 € e que o incremento da facturación anual fora do 14%.

Un servizo a destacar é a consultaría en accesibilidade que a través de proxectos tanto públicos coma privados, permitiu facturar máis de 24.000 €. Tamén destaca a media de persoas

Fisioterapia

Xornada de RSE en Vilagarcía

traballadoras a través de COMBINA, 128, das que o case o 90% ten discapacidade. Comparando datos co ano anterior, o cadro de persoal ascendeu nun 23%.

Formación

A área de formación realizou 37 visitas comerciais cun dobre obxectivo: por unha parte, lograr colaboracións con outras entidades e organizacións e, por outra, conseguir unha apertura do labor formativo de COGAMI ao público en xeral. As accións realizadas en 2015 que reverteron na área de Fondos Propios foron:

- 11 homologacións de aulas AFD para ampliación de especialidades.
- Organización e impartición de cursos para entidades públicas e privadas.
- Xestión de convenios de colaboración con empresas de formación.
- Organización de cursos de especialización propios.
- Convenio de colaboración con entidade privada para Teleformación en “atención sociosanitaria para persoas dependentes en institucións sociais” e “atención sociosanitaria para persoas dependentes a domicilio”.

Promoción da autonomía persoal

Co obxectivo de incrementar o benestar e calidade de vida das persoas maiores, realizamos nos concellos de Porto do Son, Nigrán e Tomiño, programas específicos nas áreas cognitiva, física e relacional, ademais de prestar unha atención especial ao deseño de actividades para o tempo de lecer, potenciando o desenvolvemento cultural, así como a participación na contorna e na sociedade en xeral. Nestas áreas podemos atopar accións como: obradoiros de memoria, ludoterapia, ximnasia terapéutica, exercicio ao aire libre, parques biosaudables, obradoiros de hábitos saudables, de expresión corporal, de psicomotricidade, de risoterapia, respiratorio, prepilates, exercicio físico coa WII, escola de costas e hidroterapia.

Centros de día para persoas maiores (servizos de atención diurna)

COGAMI ten unha traxectoria de seis anos xestionando servizos de centros de día para persoas maiores, sendo estes de titularidade pública do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e tamén de titularidade municipal. Ao longo de 2015 renovou a concesión de 6 centros con novos concursos que se alongarán ata o ano 2019 (prórrogas incluídas), así como se obtivo a concesión de dous centros novos. Polo tanto, xestionáronse 10 centros de día cun total de 365 prazas: Coia en Vigo, Porto do Son, O Porriño, Rois, Tomiño, Valadares en Vigo, Mondariz, Xinzo de Limia (rematou a xestión con data de 30/06/2015), Baiona e Vilagarcía. Hai que engadir que somos concesionarios, pero aínda non empezou a xestión das prazas, dos centros de Redondela e A Pobra do Caramiñal, con 20 prazas cada un.

Os centros son servizos xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que, durante o día, prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no ambiente habitual. O horario de atención habitual é de 8:00 a 20:00 horas de luns a venres. A 31 de decembro, os centros tiveron **307 persoas usuarias**, dos que **96 homes e 211 mulleres,** e neles traballan **105 persoas** (96 mulleres e 9 homes), das que o **26% son persoas con discapacidade.**

Maiores do centro de día de Porto do Son participan nun programa de radio

Memoria económica

RESUME DA XESTION ECONÓMICA DA ENTIDADE

O conxunto de actividades desenvolvidas durante o exercicio tivo a seguinte repercusión sobre a conta de resultados e o patrimonio da entidade:

1.1 INGRESOS, GASTOS E INVESTIMENTOS

INGRESOS	2014	2015
1. Prestacións de servizo	**3.469.462,57**	**3.357.596,35**
2. Subvencións e ingresos afectos á actividade	**3.216.748,56**	**3.164.703,65**
3. Outros ingresos explotación	**149.434,61**	**-3.586,15**
4. Subvs/doaz/legs.de cap. traspasadas a rdo.	**210.885,94**	**216.067,75**
5. Ingresos financeiros	**29,64**	**82,57**
TOTAL	**7.046.561,32**	**6.734.864,17**

GASTOS	2014	2015
1. Aprovisionamentos	-1.733.273,39	**-1.224.280,19**
a) Consumo de mercadorías	-116.805,04	-113.045,30
b) Consumo de materias primas e outras mat.		
c) Traballos realizados por outras empresas	-1.408.455,09	-1.041.539,29
d) Axudas monetarias e outros	-208.013,26	-69.695,60
2. Gastos de persoal	**-4.397.395,96**	**-4.604.473,45**
a) Soldos, salarios e auxiliares	-3.589.450,16	-3.737.354,54
b) Cargas sociais	-807.945,80	-867.118,91
3. Outros gastos de explotación	**-715.759,54**	**-775.207,65**
a) Servizos exteriores	-705.324,40	-733.935,95
b)Tributos	-6.142,19	-15.131,20
c) Perd, deter variac.de prov.por oper.comerc	0	-22.973,84
d) Outros gastos de xestión corrente	-4.292,95	-3.166,66
e) Perdas por deterioro de créditos op. Comerciais	**-272.287,76**	
4. Amortización de inmobilizado	**-26.142,27**	-277.690,19
5. Gastos financeiros	34.200,00	-36.705,99
6. Resultado enaxenacións inmobilizado e dotac. provisións inst.f inanceiros	**34.200,00**	**0,00**
TOTAL	**-7.110.658,92**	**-6.918.357,47**
RESULTADOS ANTES DE IMPOSTOS	**-64.097,60**	**-183.493,30**
8. Imposto sobre beneficios	**-1.603,76**	**-1.650,67**
DESAFORRO EXERCICIO	**-65.701,36**	**-185.143,97**

Durante o ano 2015 leváronse a cabo investimentos nos seguintes activos:

INVESTIMENTOS	2015
1. Construcións	538.930,90
2. Outras instalacións e utillaxe	7.185,52
3. Mobiliario	150.201,11
4. Equipos para procesar información	74.719,13
5. Outro Inmobilizado material	30.066,20
6. Construcións en curso	1.262.446,69
7. Elementos de transporte	29.929,91
9. Instalación técnicas	776,74
8. Propiedade industrial	193,60
TOTAL	**2.094.449,80**

Para levar a cabo estes investimentos, recibiuse financiamento polos seguintes importes:

FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS	2015
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	370.000,00
Xunta de Galicia (AGADER)	285.818,23
Deputacións	172.064,00
Fundacións	687.512,18
TOTAL	**1.515.394,41**

Para a realización das actividades contouse co apoio financeiro da administración e entidades privadas, que podemos distribuír do seguinte xeito:

FINANCIAMENTO ACTIVIDADES	2015
Administración Pública Europea	37.119,93
Administración Pública Estatal	4.492,97
Administración Pública Autonómica	2.463.384,66
Administración Pública Provincial	90.972,97
Administración Pública Local	43.305,84
Empresas, Fundacións e Asociacións Privadas	273.957,83
Financiamento propio (ventas e prestacións de servizos) outros ingresos de xestión)	3.651.322,87
TOTAL	**6.564.557,07**

Tamén podemos clasificar a suma destes dous tipos de financiamento do ano 2015 da seguinte maneira:

TIPO DE FINANCIADOR	2015	%	2014	%
Administración Pública Europea	37.119,93	0,46%	29.844,87	0,37%
Administración Pública Estatal	374.492,97	4,63%	410.452,93	5,14%
Administración Pública Autonómica	2.749.202,89	34,02%	2.717.369,08	34,00%
Administración Pública Provincial	263.036,97	3,26%	73.920,67	0,93%
Administración Pública Local	43.305,84	0,54%	100.811,11	1,26%
Empresas, Fundacións e Asociacións Privadas	961.470,01	11,90%	679.135,30	8,50%
Financiamento Propio	3.651.322,87	45,19%	3.979.749,41	49,80%
TOTAL	**8.079.951,48**	**100%**	**7.991.283,37**	**100%**

Graficamente:





Segundo sexa pública ou privada a distribución é como segue:

DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO	2015	%	2014	%
PÚBLICA	3.467.158,60	41,41%	3.332.398,66	42,10%
PRIVADA	4.612.792,88	58,59%	4.658.884,71	57,90%
TOTAL	**8.079.951,48**	**100%**	**7.991.283,37**	**100%**

Graficamente:





Ao mesmo tempo, durante o ano 2015, recibíronse subvencións para o financiamento das inversións a acometer no ano 2016 polos seguintes importes: 85.000,00 do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

ACTIVO	2014	2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	**9.810.572,90**	**11.089.304,09**
I. Inmobilizado intanxible	528.754,52	500.913,86
III. Inmobilizado material	4.184.320,20	5.490.355,16
V. Inversións en ent. gpo. e asociadas a L/P.	5.092.331,03	5.092.331,03
VI. Inversións financeiras a longo prazo	5.167,15	5.704,04
B) ACTIVO CORRENTE	**3.410.802,03**	**2.406.963,43**
I. Existencias	3.125,00	3.125,00
II. Usuarios e outros debedores da act. propia	13.310,82	16.611,46
III. Debedores comerciais u outras ctas. a cob.	3.030.291,40	2.242.972,25
1. Clientes vendas e prestación de servizos	2.343.190,88	1.735.648,64
2. Clientes, ent. do grupo e asociadas.	112.492,23	52.683,90
3. Outros debedores	574.608,29	551.224,86
IV. Inversións en ents. grupo e asoc. C/P.	206.991,77	101.682,29
V. Inversións financeiras a curto prazo	70.125,48	1.975,48
VI. Periodificacións a curto prazo	2.501,75	2.992,40
VII. Efectivo e outros activos líquidos equival.	84.455,81	37.604,55
TOTAL ACTIVO	**13.221.374,93**	**13.496.267,52**

PASIVO	2014	2015
A) PATRIMONIO NETO	**9.574.999,55**	**11.197.466,41**
A-1) Patrimonio Neto	4.325.289,45	4.086.521,83
I. Dotación fundacional/Fondo social	4.356.697,42	4.290.996,06
1. Dotación fundacional/Fondo social	4.356.697,42	4.290.996,06
II. Reservas	-33.625,30	-87.248,95
III. Excedentes de exercicios anteriores	67.918,69	67.918,69
IV. Resultado do exercicio	-65.701,36	-185.143,97
A-3) Subvencións, doaz, legados outros ax. en P.N	5.249.710,10	7.110.944,58
B) PASIVO NON CORRENTE	**5.040,32**	**0,00**
II. Débedas a longo prazo	5.040,32	0,00
5. Outros pasivos financeiros	5.040,32	0,00
C) PASIVO CORRENTE	**3.641.335,06**	**2.298.801,11**
II. Débedas a curto prazo	2.631.908,99	1.803.699,86
2. Débedas con entidades de crédito	526.306,50	1.010.726,87
5. Outros pasivos financeiros	2.105.602,49	792.972,99
III. Débedas con ents. grupo e asoc. a curto prazo	275.985,85	170.000,00
IV. Beneficiarios-Acredores	87.618,92	34.374,95
V. Acredores comerciais e outras ctas. a pagar	646.555,74	258.853,32
2. Provedores, entidades grupo e asoc.	192.861,43	3.450,45
3. Acredores varios	122.483,72	71.559,68
4. Persoal (remuneracións ptes.de pago)	150.528,41	24.207,53
5. Pasivos por imposto corrente	911,09	797,44
6. Outras débedas coa Admin. Pública	179.771,09	158.838,22
VI. Periodificacións a curto prazo	-734,44	31.872,98
T O T A L PATRIMONIO NETO E PASIVO	**13.221.374,93**	**13.496.267,52**

NOTA: A memoria económica pode ter algunha modificación ocasionada polo proceso dunha auditoría externa. Os datos económicos e auditados definitivos serán publicados na web www.cogami.es, seguindo a Lei de transparencia e do goberno da entidade.

Asociacións Membro

AGADHEMO

A Asociación Galega de Hemofilia realizou en 2015 actividades como: a Hemoescola, que son talleres de formación para pais e nais de menores con hemofilia e/ou outras coagulopatías; o programa SaludItinere, que envía o tratamento a domicilio; o SAIP, servizo de atención e información permanente; o programa AtendHemos, onde se presta servizo a persoas socias da zona rural; ademais dun proxecto de cooperación internacional coa Fundación Nacional de Hemofilia Bolivia (FUNAHEB). Agadhemo colabora activamente nas actividades que a Federación Nacional de Hemofilia desenvolve, organizando este ano dúas xornadas do Hemojuve (Lecer Náutico) en Sanxenxo coa colaboración de COGAMI para menores con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas de toda España. En novembro, levouse a cabo, na aula magna do Hospital Clínico de Santiago, unha conferencia impartida polo Dr. Rafael Bengoa, sobre a xestión das enfermidades crónicas. Este ano estreamos local en Vigo, cuxa reforma financiou o Plan de prioridades da Fundación Once e o IRPF do Ministerio. O ano rematou cunha festa infantil.
Actualmente Agadhemo ten 228 persoas asociadas de pleno dereito e 156 socios e socias colaboradores.

Sede Social
Tlf. 981 299 055 Fax 981 113 545
e-mail: asogalicia@hemofiliagalicia.com
web: www.hemofiliagalicia.com
Delegación Lugo:
Tlf. 981 299 055
Delegación Ourense:
Tlf/Fax: 988 218 941
Delegación Pontevedra
Tlf. 986 281 960 - Fax: 981 113 545

CEGASAL

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro durante 2015 impartiu un curso de 80 horas sobre Dirección Motivadora dirixido a entidades de economía social e persoas desempregadas, no que participaron 20 persoas. Tamén realizou accións de promoción económica e de fomento do emprego, especialmente dirixido ao emprego protexido e de persoas con discapacidade. Organizou varios encontros empresariais en colaboración coa Cámara de Comercio de A Coruña e outros axentes empresariais, no que se deu visibilidade e oportunidades de colaboración e contactos para as iniciativas asociadas.
Realizou tarefas de representación institucional, accións para favorecer a contratación pública reservada legalmente prevista e colaborou coa Universidade para fomentar a economía social entre o estudantado e incrementar o nivel de empregabilidade das persoas con discapacidade a través do convenio subscrito co Banco Sabadell e FEUGA, ademais de asinar un convenio de investigación docente coa Fundación da Universidade de A Coruña para a realización de casos prácticos sobre centros especiais de emprego asociados.
Actualmente integra un total de 17 centros especiais de emprego de iniciativa social nos que traballan 792 persoas con discapacidade.
Tlf. 981 574 698
e-mail: info@cegasal.com
web: www.cegasal.com

ACADAR

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia liderou en 2015 un total de 11 programas, relacionados coas áreas de actuación enmarcadas na entidade. A nivel galego, os programas realizados máis innovadores e pioneiros en relación á violencia contra as mulleres e a discapacidade foron Descubre a nosa realidade!, onde, no marco do mesmo elaborouse e publicouse un caderno único en Galicia sobre as diferentes formas de violencia contra as mulleres con discapacidade que foi a ferramenta de traballo para a formación a familias, persoal técnico de diferentes eidos e a alumnado de primaria e secundaria, e que amosa a realidade e capacidades das mulleres con discapacidade; Outro programa, con Violencia: TOLERANCIA CERO, xunto co programa de Itinerarios de Inclusión Sociolaboral con acompañamento, fixeron posible poñer en marcha 14 grupos de empoderamento en toda Galicia. Ademais, acompañaron a mulleres en situación de violencia de xénero, fomentaron a participación social das mulleres mediante un encontro provincial en Lugo, formaron a persoal político e técnico, así como alumnado universitario. ACADAR ocupa tamén a vicepresidencia do Consello Galego das Mulleres da Xunta de Galicia e participa ao longo do ano en diferentes actos e forma parte de distintos grupos de traballo e comisións a nivel local e autonómico.
Persoas asociadas: 79, sendo 73 mulleres.
Tlf: 674 073 092- 674 139 837
e-mail: info@acadar.org
web: www.acadar.org

FEDERACIÓN COGAMI CORUÑA

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de A Coruña durante 2015 deu a benvida a dúas novas entidades, Grumico e Asociación Galega contra a Fibrose Quística, co que actualmente ten 21 asociacións socias.
A Federación continuou coordinando e potenciando o movemento asociativo, prestando distintos tipos de apoio segundo necesidades e recursos, cun especial enfoque nas asociacións de recente incorporación e nas de escasos recursos. En estreita colaboración coa área de FMA de COGAMI, procurou conseguir o máximo grao de integración e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade mediante a colaboración entre asociacións e o uso compartido de todo tipo de medios.
Entre os servizos ofertados en 2015, destacan fisioterapia en Ferrol e A Coruña financiado pola Xunta de Galicia, e o programa recuperación, rehabilitación e mantemento das capacidades funcionais, do que se beneficiaron persoas de toda a provincia, e que financiou a Deputación de A Coruña.
Ademais, a Federación COGAMI Coruña levou a cabo unha intensa labor de interlocución ante as autoridades para defender os intereses das asociacións sociais.
Tlf. 981 574 698
e-mail: fed.cogamicoruna@cogami.es

ADISBISMUR

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros ten como obxectivo dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e ás súas familias, por iso en 2015 beneficiáronse deste servizo 78 persoas que acudiron á oficina que ten a entidade. Aparte destas consultas presenciais, atendéronse 40 chamadas telefónicas que solicitaban información.
Outro dos servizos que ofrece é o de voluntariado, que se dedica a tramitar e xestionar protocolos, formar, realizar xuntanzas e asesorar en tema de voluntariado. Adisbismur asistiu tamén a cursos de prevención de riscos laborais, lingua de signos, captación de fondos e comunicación cos grupos de interese do Terceiro Sector, intelixencia emocional e comunicación afectiva, taller de soporte vital básico e Excel. Por outra banda, o centro de recursos de Valadares, desenvolveu actividades de alfabetización, logopedia, terapia ocupacional, teatro, musicoterapia, bailoterapia, habilidades sociais, animación á lectura, cestería, viveirismo e actividades de lecer.
Tlf. 98176 4377- 881 083 860- 636 846 774
e-mail: adisbismur@cogami.es
Facebook: adisbismur.valadaresoutes

AMARAI

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Arzúa e Terra de Melide en 2015 realizou unha programación de cursos, charlas e actividades con temáticas moi variadas, ademais de xornadas de sensibilización e concienciación, charlas de lesións medulares e unha ampla programación de actos para o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
Asistiron a 5 mercadiños solidarios para divulgar as actividades da entidade e do centro de recursos, promocionando e vendendo os produtos confeccionados polas persoas usuarias do centro de recursos de Amarai.
Continuaron co programa de rehabilitación e saúde con actividades de fisioterapia, terapia acuática, golf adaptado, relaxación, risoterapia e bádminton. Tamén ofreceu formación desenvolvendo cursos de cociña, de coiro..., unha formación que Amarai repite ano tras ano ampliando o número de participantes.
Na área de lecer, realizaron excursións a Pontevedra, participaron no programa de Lecer Náutico en Sanxenxo, organizaron xornadas de convivencia coas familias, fixeron unha etapa do Camiño de Santiago apoiando a Gema Hassen-Bey e realizaron a tradicional comida de Nadal.
Tlf. 981 500 823
e-mail: amarai@cogami.es
CRD AMARAI, Tlf. 981 516 072
e-mail: crd.amarai@cogami.es
Facebook: asociacionamarai

ÁMBAR

A Asociación Ámbar das Persoas con Diversidade Funcional da comarca da Barbanza continuou en 2015 cos programas e servizos promovidos dende o centro de recursos. Iniciouse o programa de Autoxestores e continuouse cos programas de Vivenda, Vela para todas e todos e Accesibilidade.
Durante 2015 realizáronse varias estancias de lecer e respiro familiar na fin de semana, así como un amplo programa de actividades de lecer e participación comunitaria: campamentos, visitas culturais, programas de radio, teatro, etc.

Para fomentar o exercicio físico organizouse un ciclo de andainas polos distintos concellos da comarca, e participaron en competicións deportivas de fútbol e baloncesto, práctica de pádel, natación e xogos populares.
Como colofón, no mes de xullo celebraron a romaría da diversidade e a I Carreira pola Diversidade, ámbolos eventos congregaron a persoas de distintos puntos da comunidade.
Conta con 1.128 persoas asociadas.
Tlf. 981 832 905
Fax: 981 874 480
e-mail: correo@asociacionambar.org
web: http://www.asociacionambar.org
Facebook: asociacion.ambar

ÍNTEGRO

A Asociación Íntegro para a Diversidade Funcional das Comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra durante 2015 impulsou actividades de sensibilización e visibilidade das persoas con discapacidade.
Iniciou un obradoiro de madeira para mellorar a empregabilidade e construíu catro invernadoiros nos que xa recolleron as primeiras colleitas. Crearon o programa CAPACITA-T para sensibilizar e educar á poboación, bota andar o PIMD Rural, un punto de intervención para a muller con discapacidade do rural e que durante 2016 incrementará o número de concellos de actuación. Co programa DiversiEscola sensibilizaron a escolares de infantil e primaria que viviron unha xornada de convivencia no centro de recursos de Nantón que ten Íntegro e continuou nos institutos coas charlas de prevención de lesións medulares.

Un ano máis, participou nos actos de conmemoración do Día da Muller, Día da Inclusión no que, xunto ás entidades Adisbismur, Misela e Ámbar, foron de ruta por Malpica e remataron o acto coa lectura dun manifesto. Outros actos máis nos que participaron foron o do Día Internacional contra a violencia sobre as mulleres e o Día Internacional das persoas con discapacidade, no que inauguraron un acceso adaptado ao castro de Borneiro.
Dentro das actividades de lecer, Íntegro rematou a asemblea xeral cunha churrascada e participou en Sanxenxo na semana náutica de navegación a vela que ofrece COGAMI.
Tlf./Fax: 981 734 985 - 650 961 649
e-mail: info@integro.es
web: www.integro.es
Facebook: Asociación-ÍNTEGRO

AMICO

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca mantivo durante o os meses de xaneiro a maio de 2015 o servizo de rehabilitación ofrecendo sesións de fisioterapia individual, sesións grupais de actividades acuático terapéuticas e a realización da actividade de pilates adaptado.
Contou co apoio doutras entidades afíns para ofrecer actividades de lecer adaptado a persoas con discapacidade, como as xornadas de multideporte, de sendeirismo adaptado ou actividades lúdicas puntuais.
Prestou apoio e asesoramento a persoas asociadas, facilitando información sobre os recursos existentes e facilitou a participación das persoas con discapacidade na presentación do aplicativo e-Saúde do Sergas.

A nivel institucional, AMICO colaborou cos grupos de traballo creados no ámbito local de Santiago, trasladando as inquedanzas do grupo social e as necesidades da entidade en varios temas.
Continuouse co programa de voluntariado e a canalización de propostas de mellora de normativa e/ou programas que lles afectan como colectivo.
Ten 136 persoas asociadas.
Tlf. 678 739 030 – 981 574 698
e-mail: info@amico.es
web: www.amico.es
Facebook: Asociación-Amico

AVANTE

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Val do Dubra a nivel de servizos aposta polo mantemento das actividades en funcionamento, facendo durante 2015 un esforzo nas actividades dirixidas á potenciación das habilidades persoais de cara á acadar una maior autonomía das persoas usuarias.
A nivel de inversións, adquiriuse unha nova furgoneta, co fin de manter o servizo de transporte e cambiouse o chan do centro.
Cabe destacar o mantemento do servizo de vivenda tutelada, que durante 2015 contou 5 persoas a maior parte do ano.
Tlf. 981 191 490
e-mail: avante@cogami.es
Facebook: Asociación-Avante-

GRUMICO

O Grupo de Persoas con Discapacidade de A Coruña oferta servizos que seguen dúas vías, por unha parte, promover a mellora da calidade de vida e independencia a través de fisioterapia, terapia ocupacional, deporte e ximnasia adaptada, e por outro, ofrecendo servizos que engloban a loita polos dereitos e intereses das persoas con discapacidade, que se conseguen a través de servizos como traballo social, accesibilidade, voluntariado, escola de xoiería e actividades de lecer.
Durante 2015 participou na Guía Coruña Accesible que recolle espazos, servizos e locais de lecer e oferta rutas accesibles e aloxamentos accesibles. Participou tamén na actividade de sensibilización Ponte no meu lugar, para que as persoas coñezan en primeira persoas as barreiras. Estivo presente no Proxecto Enki de inclusión, e durante a promoción das mostras do taller se xoiería, dous alumnos gañaron o certame Xuventude Crea.
GRUMICO tamén aposta polo esforzo colectivo e a organización e coordinación, por iso realizou diferentes convenios con asociacións afíns da zona coruñesa, para poder levar a cabo novas actividades e servizos que ofertar ás persoas asociadas.
Tlf. 981 135 151
e-mail: grumico@grumico.com
web: www.grumico.com
Facebook:
https://www.facebook.com/GRUMICO
Twitter: @grumico1

ALCER-Coruña

A Asociación contra a Loita das Enfermidades do Ril ten como finalidade a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade renal. Ao longo de 2015, este obxectivo tense ido materializando na consecución de determinados proxectos e programas, así como en diferentes actividades que remiten en acadar, ás veces paseniño, a mellora descrita.
Conta cun servizo de información e orientación que achega o labor dos traballadores do eido social á realidade das persoas con enfermidade renal nos diferentes espazos dos servizos de nefroloxía. Este servizo reforzouse co programa de acompañamento para persoas con falla de apoio familiar e baixos recursos socioeconómicos, e coa formación de grupos de pacientes, aportando novas realidades ao asistentes. Tamén durante este ano iniciou a colaboración coas Unidades de Enfermidade Renal Crónica Avanzada, así como a instauración de grupos de pacientes nos que se abordan diferentes temáticas relacionadas co proxecto de vida das persoas con ERC.
A difusión dos contidos ten sido unha constante, coa celebración do Día Mundial do Ril, Día do Donante de Órganos, E-Learning sobre Poliquistose Autosómica Dominante. A promoción da doazón de órganos continuou sendo parte o eixe vertebrador de ALCER, porque podemos garantir que doar órganos é doar vida.
Ten 486 persoas asociadas.
Delegación A Coruña
Tlf. 981 298 759 981 280 103
Delegación Ferrol
Tlf. 881 937 235
Delegación Santiago de Compostela
Tlf. 670 339 066
Delegación Culleredo
Tlf. 649 893 626
info@alcercoruna.org
web: www.alcercoruna.org
Facebook:
https://www.facebook.com/alcer.coruna
Twitter: @alcercoruna84

LIREGA

A Liga Reumatolóxica Galega durante 2015 presentou o traballo que realizan nas institucións públicas como as Deputacións, Parlamento, ademais de participar en diferentes actos que serviron para difundir o proxecto da entidade, como a presentación na Factoría de Innovación, presentación do proxecto de Inserción Laboral 2015, conferencia sobre o método Traguer en A Coruña, presentación da Comisión da dor no Hospital Universitario de Lugo, participación no obradoiro de estudos clínicos organizado por EUPATI EN Bélxica, charla informativa sobre enfermidades reumáticas en Vilagarcía, participación no Congreso EULAR de Roma, organización dunha gala benéfica de monólogos no teatro Colón de A Coruña, inauguración dunha exposición fotográfica Ligaflash en A Coruña que logo se trasladou a Lugo e Vilagarcía, realización do reto Reumar, no que dous mozos realizaron unha travesía en bote dende A Coruña ata Malpica para visibilizar as enfermidades reumáticas, participación no congreso Agora en Creta, organización dunha carreira popular en Santiago, charla sobre nutrición, organizaron dunha gala benéfica en Vilagarcía e dunha festa infantil.
Conta con 373 persoas asociadas.
Tlf. 981 236 586
e-mail: info@ligagalega.org
web: www.ligagalega.org
Facebook:LigaReumaGalega

MISELA

A Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas de Noia e Muros leva atendidas dende o ano 1994 a 200 persoas e conta con 354 persoas e empresas asociadas. Os servizos básicos cos que conta a entidade son o Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá, que atende a nenos de entre 0 a 16 anos con discapacidade ou con risco de padecela, e as súas familias, a través de atención individualizada de fisioterapia e terapia ocupacional, asesoramento en adaptación funcional da contorna e produtos de apoio, atención ás familias, etc. Outro servizo proporcionado en 2015 foi a Aula Ocupacional, na que se atendían a persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual ou mixta, pero este servizo viuse mellorado en setembro de 2015 coa creación do centro de día e centro ocupacional Misela, con 30 prazas dispoñibles, atendendo actualmente a 18 persoas. No Servizo de Promoción da Autonomía Persoal, ofrécese atención de fisioterapia, terapia ocupacional e educación especial a persoas con discapacidade física, intelectual ou mixta, a maiores de 16 anos.
Tlf./Fax: 981 972 822
e-mail: misela@misela.es
web: http://www.misela.es/
Facebook:
Asociación-Misela

ASPAMITE

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo durante 2015, desenvolveu as seguintes actividades no taller ocupacional: cestería, confección de alfombras, manexo do euro e prácticas en supermercados, destrezas para a vida diaria, habilidades do fogar, habilidades académico-funcionais, cognitivas e

sociais, fisioterapia, logopedia, pilates adaptado, teatro, actividades deportivas, culturais e de animación sociocultural, ensartado, danza e expresión corporal, musicoterapia, asinoterapia, informática, formación laboral e actividades de tempo libre e lecer.
Outras actividades realizáronse no centro de día como terapia ocupacional, plástica, informática, educación física e psicomotricidade, modificación de conduta, pilates adaptado, danza e expresión corporal, iniciación ao teatro, educación musical e musicoterapia, estimulación multisensorial, orientación espacial e temporal, asinoterapia e habilidades socioemocionais.
Teñen 160 persoas asociadas.
Tlf. 629 322 601 (administración) e 648 298 191 (dirección)
e-mail: aspamite@aspamite.org
web: www.aspamite.org
Facebook: www.facebook.com/aspamite
Twitter: @Aspamite

ASPANEMI

A Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía de Narón ten como principal obxectivo o apoio e asesoramento as familias de menores con discapacidade. En 2015 realizou un programa de apoio familiar, no que se desenvolveu terapia de

proxenitores, aula de intervención/rehabilitación, un obradoiro de psicomotricidade e terapia individual para pais. Tamén levou a cabo un programa de hipoterapia, un de cooperación social e outro de lecer e tempo libre, cumprindo a función de respiro familiar e tamén de convivencia.
Tlf. 981 946 319
e-mail: aspanemi@gmail.com
web: http://aspanemi.blogspot.com.es/
Facebook: www.facebook.com/Aspanemi

FIBROSE QUÍSTICA

A Asociación Galega de Fibrose Quística aprobou por unanimidade, na última asemblea celebrada no ano, a entrada en COGAMI e a participación na Comisión Sociosanitaria que ten a Confederación. Durante este acto, contaron coa asistencia do presidente estatal da entidade, Tomás Castillo, quen ofreceu unha charla sobre os novos medicamentos e o pulso que manteñen coa Administración para que se aproben.
Durante o Día Nacional de Fibrose Quística, a entidade celebrouno en A Coruña cun concerto benéfico con Prime Ministers en A Coruña, mesas informativas e actividades infantís con xogos de maxia, contacontos, manualidades e pompas de xabón xigantes.
Persoas asociadas participaron na carreira solidaria de Ferrol do colexio Jorge para dar a coñecer a entidade e fomentar o deporte. Participaron na campaña Surfing es vida na praia de Doniños en Ferrol e na carreira popular de Tomiño.
No Día Mundial da Fibrose Quística, celebraron en Baiona actividades de maxia, masterclass de zumba, sorteo de agasallos, xogos infantís, pechando o acto o cantante Manuel Escudero.
Para rematar o ano, celebraron o 30 Aniversario en Santiago, momento que aproveitaron para recoñecer publicamente o labor de persoas que colaboran coa entidade e a súa misión.
Tlf. 981 240 867
e-mail: fqgalicia@fqgalicia.org
web: www.fqgalicia.org

A XANELA

A Asociación de Discapacitados Activos de As Pontes desenvolveu durante 2015 talleres de adestramento funcional das actividades da vida diaria, ademais doutros obradoiros como: imaxe persoal, estimulación cognitiva, habilidades manipulativas, ximnasia e psicomotricidade, musicoterapia, risoterapia, laborterapia e participaron en actividades de lecer e tempo libre e, para darlle difusión ao labor que realiza a entidade, participaron na II Cita coa Historia de As Pontes.
A Xanela ten servizo de transporte adaptado que traslada ao centro ás persoas usuarias e desenvolve actividades de palillos, pintura, pilates, hidroterapia e masaxe corporal a domicilio.
Tlf. 981 452 416
e-mail: axanela@cogami.es
Facebook:
adaxanela

ANDADE

A Delegación en Galicia da Asociación Nacional de Amputados de España presta servizos de información e asesoramento para persoas con amputacións como acompañamento a ortopedias, asesoramento en rehabilitación, visitas hospitalarias e a domicilio, actividades

formativas e informativas para persoas amputadas, as súas familias e profesionais. Tamén traballa coa sensibilización da poboación xeral sobre as cuestións que afectan ás súas persoas asociadas.
En 2015, aparte dos servizos mencionados, ANDADE participou en varios actos organizados por COGAMI e outras asociacións como "ViveLibre", "a Xestión de Enfermidades Crónicas", "VII Xornadas de Calidade do Servizo Galego de Saúde e VI Congreso da Sociedade Galega e Calidade Asistencial" e "Xornadas de Pacientes e Usuarios en Defensa da Sanidade Pública", onde o presidente de ANDADE falou sobre a situación das persoas amputadas en Galicia en relación coa Sanidade Pública.
Móbil: 639 073 156
e-mail: galicia@andade.es
web: www.andade.es
Facebook: andadeESP

APROM

A Asociación Pro Minusválidos de Cariño durante 2015 realizou actividades de voluntariado durante as tardes de luns a mércores, permitindo facer uso dos ordenadores, conversar, practicar xogos de mesa e atender as consultas ás persoas que demandan información.

Durante este ano mantivéronse as visitas a domicilio, realizouse un curso de bordado e labores no que participaron 20 persoas, continuou co labor de préstamo de materiais de apoio, seguiu co transporte adaptado, realizou actividades de lecer como a asistencia ao XXV Aniversario de COGAMI en Santiago, unha viaxe a Ferrol para participar na aula de ecoloxía urbana e celebrou unha nova edición do festival que anualmente organiza a entidade, este ano a número 18, na que participaron 5 agrupacións: a Casiña da Música, Coral Polifónica, Rondalla de Cariño, Banda de Gaitas San Xiao de Trebo e o Grupo de teatro de amas de casa de Cariño.
Tlf. 981 420 199
e-mail: apromcarino@hotmail.com
Facebook: aprom.carino

ACEM Santiago

A Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple durante o ano 2015 ofreceu servizos socio-sanitarios de traballo social, psicoloxía, lecer e tempo libre, accesible, rehabilitación, logopédica e fisioterápica, destacando as seguintes actividades: a organización da I Carreira Solidaria en colaboración coa FEGADEM, a realización do programa de golf adaptado en colaboración co Real Aero Club e Fundación La Rosaleda, a colaboración coa USC no programa de voluntariado, a colocación de mesas informativas en distintos puntos da cidade durante os Días Mundial e Nacional da esclerose múltiple, a realización da popular carreira de San Silvestre no Grove en favor de ACEM.
En novembro, a entidade trasladouse ao centro de rehabilitación integral construído en Salgueiriños, celebrando así a I Foliada do Grilo con exercicios de fisioterapia, charla sobre "a atención psicolóxica na EM", charla-coloquio

dunha especialista canina (teoría e práctica de cans de soporte terapéutico) coa colaboración do Club canino "Só lles falta falar" e os seus cans de asistencia terapéutica, e rematou cunha comida de confraternización.
Conta con 159 persoas asociadas.
Tlf. 981 575 240
e-mail: acem.santiago@gmail.com
Facebook:
AsociacionCompostelanaDeEsclerosisMultiple
Twitter: @difusionACEM

GRUPO DIVERSIDADE FUNCIONAL FERROL E COMARCAS

A Asociación Grupo Diversidade Funcional Ferrol e Comarcas desenvolveu durante o ano 2015 diversas actividades de formación, destinadas a acadar a plena autonomía das persoas con diversidade funcional, entre as que están: a resolución de conflitos, informática, orientación laboral, emprego con apoio, coaching, violencia de xénero a mulleres con diversidade funcional, habilidades sociais para a autonomía persoal e nutrición.
Ademais, realizou actividades de lecer e colaboracións coas distintas asociacións e administracións públicas e privadas, así como continuou co servizo de transporte adaptado para as persoas usuarias, sexan asociadas ou non. Outra das cousas que levaron a cabo é a asistencia a xornadas sobre Asistencia Persoal en Valencia e á Marcha pola Visibilidade da Diversidade Funcional en Madrid.
Tlf./ Fax: 981 930 544
Móbil: 620 485 450// 698 183 808
e-mail: diversidadefuncionalferrol@hotmail.com
blog: http://rachandobarreiras.blogspot.com
Facebook: diverffec.ferrolecomarcas

FEDERACIÓN COGAMI LUGO

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo durante 2015 atendeu 228 consultas a través do servizo de Información, Orientación e Asesoramento, realizou 10 charlas de información e sensibilización nas que participaron 118 persoas (69 mulleres e 49 homes), impulsou o programa de Autonomía Persoal e Autoxestión "Fagamos+" e realizou actividades formativas en colaboración con COGAMI. A través do servizo de Intervención Social atendéronse a 87 persoas e familias. Continuouse co taller prelaboral de Monterroso no que participan 13 persoas e mantivo 72 reunións con responsables de entidades e organismos. Na área de Autonomía Persoal atendéronse a 76 persoas a través do Servizo Especializado de Terapia Ocupacional. Apoiouse as actividades de COGAMI de logopedia, fisioterapia, autonomía persoal, mantemento e o taller de Fingoi.
Tlf. 982 253 332
e-mail: fed.cogamilugo@cogami.es

AGORA

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Lemos xestionou en 2015 o centro de día con 21 prazas e dous apartamentos tutelados con 7 prazas nos que se ofertan fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, psicoloxía, ximnasia de mantemento e intervención social e familiar. Entre as actividades de lecer destacan: a participación en diversas celebracións da contorna tales como Entroido, San Brais ou Samaín, as visitas a lugares de interese como o Mirador da Cividade en Sober, o museo etnográfico de Quiroga e ao Pazo de Tor. Tamén realizaron viaxes culturais a Allariz, Alfoz, San Cibrao e Xove, participou no programa

Movémonos en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, e realizou unha actividade de respiro familiar de 7 días en Ribadeo. En colaboración con outras entidades, colaborouse co banco de tempo do concello de Monforte nun taller de mosaico, realizouse unha actividade de animación físico deportiva en Pobra de Brollón, colaborouse cun centro educativo na edición dun vídeo de sensibilización cara á discapacidade e co resto de entidades de discapacidade da zona mediante reunións para traballar conxuntamente actividades de sensibilización.
Deuse continuidade á actividade de hidroterapia e fisioterapia iniciadas en 2012, así como ao servizo de fomento da autonomía persoal para persoas con discapacidade e actividades de voluntariado.
Ten un total de 89 persoas socias.
Tlf. 982 41 02 89
e-mail: agora@cogami.es
Facebook:
AGORA-para-persoas-con-discapacidade

A MARIÑA-COGAMI:

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Mariña lucense desenvolveu en 2015, ademais de charlas de sensibilización sobre lesións medulares, un programa de saúde no que realizaron fisioterapia no centro de recursos de Palmeiro e tamén a domicilio, terapia Reiki, ademais de desenvolver un taller de habilidades sociais no que realizaron xestión das emocións. Participaron no proxecto Movémonos organizado pola Deputación de Lugo que constou de actividade deportivas e de lecer, e impartiron un curso de Xestión de stocks, almacén e control de caixa e outros dous de Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos e Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais. Outra formación impartida foi informática e a participación nos talleres de formación para o consumo.
Entre as actividades de lecer, destacan unha viaxe a O Grove, participación no programa de lecer náutico en Sanxenxo e no proxecto Gavea.
Conta con 186 persoas asociadas.
Tlf. 982 130 289 (Ribadeo) e 982 592 765 (CRD Palmeiro- Xove)
e-mail: amarina@cogami.es
Facebook: AsociacionAMarinaCogami

ALCER LUGO

A Asociación para a Loita de Enfermidades Renais de Lugo constituíuse en 1981 para atender aos pacientes con IRC e familias e fomentar a doazón de órganos. É unha asociación sen ánimo de lucro, con fins de carácter social e declarada de utilidade pública, que actualmente conta con 370 persoas asociadas. Entre as actividades realizadas en 2015 destacan: charlas de sensibilización, a participación durante o Día Mundial do Ril, o Día do Doante e o Día da Discapacidade, a organización das IX Xornadas Renais, obradoiros de cociña en Lugo e Foz, a organización dun taller de adaptación á enfermidade renal, o desenvolvemento de talleres de manualidades e ximnasia, ademais de asesoramento nutricional, psicolóxico e a participación en programas organizados pola Universidade de Santiago de Compostela.
Tlf./fax: 982 243 231
Móbil: 619 609 797
e-mail: alcerlugo@cogami.es / alcerlugo@gmail.com
web: www.alcerlugo.org

AUXILIA MONFORTE

A delegación de Auxilia en Monforte durante 2015 realizou actividades de rehabilitación cognitiva e psicomotriz centrada na linguaxe, habilidades sociais e na psicomotricidade fina e grosa, entre outras. Tamén realizaron visitas domiciliarias nas comarcas de Lemos e Quiroga, desenvolveu obradoiros de bordado, costura e decoración, participou no programa MOVÉMONOS que promove a Deputación de Lugo, realizou sensibilización social con charlas de concienciación e eliminación de barreiras e, dentro das actividades de lecer, participou no Entroido, realizou visitas culturais, un magosto e foi quen acendeu as luces de Nadal do balneario Oca Augas Santas Ferreira.
Tlf./Fax: 982 40 06 20
e-mail: monforte@auxilia.es
web: www.auxilia.es
blog: www.auxiliamonforte.blogspot.com

DISCAFIS- COGAMI

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense durante 2015 seguiu prestando servizos de logopedia, terapia ocupacional e transporte adaptado chegando a atender ao longo do ano a 65 persoas. Continuou tamén co servizo de préstamo de guindastres eléctricos, un servizo que favoreceu a 25 persoas ás que se lle cederon estes apoios. Discafis COGAMI tamén impartiu charlas de sensibilización a escolares de infantil, primaria e ESO da provincia ourensá, levou a contabilidade de tres entidades membro dentro do programa de xestión económica e participou en diferentes programas de lecer.
Conta con 14 entidades membro.
Tlf./fax: 988 248 769
e-mail: discafis@cogami.es
web: www.discafiscogami.org
Facebook: discafis.cogami

AIXIÑA

A Asociación Ourensá de Discapacitados Físicos, Parálise Cerebral/Dano Cerebral Adquirido e Terceira Idade Dependente e as súas familias, durante 2015 mantivo o seu servizo terapéutico, declarado Servizo Sanitario en 2012, que atende a persoas asociadas con e sen discapacidade, traballadoras/es do centro especial de emprego e familias. Tamén se continuou co servizo transporte adaptado, programa de lecer e tempo libre, colonias de verán e programa de integración laboral a través dun centro especial de emprego propio, no que se mantivo unha media de 81 persoas traballadoras, o 74% con discapacidade. Aixiña conta ademais con 2 centros de día, un para persoas maiores dependentes e o outro especializado en parálise / dano cerebral. Durante este ano a asociación acadou a autorización para unha residencia para persoas con discapacidade dependentes e capacidade para 14 prazas, que abrirá durante 2016. Entre os recoñecementos recibidos, destacar que o CIFP Portovello, de Ourense, dedicou unha aula ao finado presidente, Recaredo Paz, en recoñecemento ao seu labor en favor da discapacidade.
Tlf.- 988 233 304
e-mail: informacion@aixina.org
web: www.aixiña.es
Facebook: aixina

AODEM

A Asociación Ourensá de Esclerose Múltiple, ELA, Párkinson e outras Enfermidades Neurodexenerativas en 2015 continuou co proxecto interdisciplinar de atención a persoas con enfermidades e as súas familias cos programas de Traballo Social, Psicoloxía Clínica e Fisioterapia. En maio puxo en marcha o taller Reciclat-EM, que impartiu unha voluntaria, e que logrou unha boa participación e interese. Destacan tamén as actividades da Campaña "Concellos Solidarios", dúas andainas e un torneo de fútbol sala a favor de AODEM.
Un ano máis realizáronse 3 actividades de lecer dentro do proxecto "Escapadas Múltiples III" e volveu gañar o Premio Territorios Solidarios, na súa 4ª edición. AODEM finaliza a actividade do ano participando na XI Feira da Saúde, no Día Internacional do Voluntariado e renovou a acreditación como Servizo Sanitario co Nº C-32-000426.
Actualmente ten 207 persoas asociadas.
Tlf. / Fax: 988 252 251
e-mail: aodem@hotmail.es
web: www.aodem.com
Facebook: Aodem Ourense

ALCER OURENSE

Entre os programas desenvolvidos pola Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense durante 2015 destaca o de Atención Social, que ofrece apoio social e psicolóxico a familiares e pacientes en tratamento de hemodiálise e diálise peritoneal, mediante visitas hospitalarias quincenais, atención na sede da entidade e no domicilio, se fora preciso, por parte das traballadoras sociais. Por outra banda, ofertouse o programa de Información e Formación que ofrece charlas ao alumnado de traballo social e de ciclos de formación profesional en atención sociosanitaria.

Tamén, os socios de Alcer asistiron a unha charla sobre os dereitos e beneficios que aporta o certificado de discapacidade.
Un ano máis, informaron no Paseo pola Saúde de Ourense e realizaron medicións preventivas da insuficiencia renal crónica, e conciencious sobre a doazón de órganos. No Día Internacional do Voluntariado participou na campaña de divulgación e doazón de órganos e tecidos e en actividades de lecer como unha andaina preto do Miño, unha xornada de convivencia pola Ribeira Sacra con Alcer Coruña, Alcer Pontevedra e da Asociación Diabética Auria e, un ano máis, tamén asistiron a un magosto.
Para rematar, a escola de música Bieito Blanco ofreceu un concerto solidario no Auditorio de Ourense, cuxos beneficios foron doados á entidade.
Tlf./fax: 988 229 615
Móbil: 663 780 330
e-mail: alcerourense@hotmail.com
web: www.alcerourense.com
Facebook: asociacion.alcer.ourense

AFFOU

A Asociación de Fibromialxia e Fatiga Crónica de Ourense durante 2015 realizou servizos de información, asesoramento e orientación a persoas usuarias e familias, terapias físico rehabilitadoras consistindo en clases de ioga, terapia hidrotermal e fisioterapia. Tamén ofreceu fisioterapia, apoio psicolóxico e desenvolveu un taller de traballos manuais. A entidade

desenvolveu xornadas informativas en diferentes puntos da cidade para responder ás dúbidas sobre esta doenza e comentar casos de superación. Participou xunto con outras entidades sociosanitarias no Paseo da Saúde que organiza o concello de Ourense.
Outras xornadas de sensibilización foron durante o Día Mundial da Fibromialxia, día no que instalaron unha carpa informativa na cidade e durante todo o ano participaron na recollida de sinaturas a favor da ILP, que posteriormente foron presentadas ante o Congreso dos Deputados demandando unha mellora na protección a nivel social, laboral e da saúde para as persoas afectadas por fibromialxia e fatiga crónica.
Tlf. 988 049 315 / 678 636 037
e-mail:: fibromialxia@hotmail.com
Facebook: AFFOU Ourense

PUZZLE

A Asociación Puzzle para a Loita contra a Exclusión Social e Laboral das Persoas con Discapacidade de Allariz, durante 2015 realizou un obradoiro de habilidades sociais encamiñadas a acadar a autonomía persoal, outro de actividades manuais no que se traballa a motricidade fina e a faceta creativa, e outro de novas tecnoloxías no que aproveitan para recoller material que van emitir no programa de radio no que participan semanalmente.
Para a asociación Puzzle o deporte é fundamental para obter unha vida saudable, por iso realizaron un curso de natación na piscina municipal un día á semana durante todo o ano e realizaron saídas culturais e medioambientais para coñecer a contorna e acadar unha participación activa.
Tlf. 676811398
e-mail: puzzle@allariz.com
Facebook: Asociación-Puzzle

ACCU OURENSE

A Asociación de Enfermos de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense presta servizos de información, orientación e asesoramento, ademais de acompañamento e seguimento, atención psicolóxica, asesoría xurídica, fisioterapia, atención á autonomía persoal, xestión e valoración de certificado de discapacidade e dependencia, valoración social individualizada, integración sociolaboral, animación sociocultural, xestión e optimización dos recursos, divulgación e marketing, xestión da responsabilidade da comunidade de internet, sesións, talleres e xornadas informativas, sensibilización, visibilización e concienciación da comunidade, coordinación e federación con entidades sociosanitarias, implementación do plan de voluntariado, transversalidade do principio de igualdade entre mulleres e homes, participación en consellos, comisión e asembleas e avaliación inicial, continua e final.
Tlf./Fax: 630 136 447 / 988 100 180
e-mail: ourense@accuesp.com
Facebook: accuourense

FEDERACIÓN PONTEVEDRA

A Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Pontevedra durante 2015 logrou contar con dous profesionais, un terapeuta ocupacional e unha traballadora social contratados a través do programa de Cooperación da Xunta de Galicia, e que estiveron nos centros de Monteporreiro e Mos. Tamén desenvolveu programas de mantemento da saúde como natación terapéutica, hidroterapia, musicoterapia, ioga e técnicas de respiración e relaxación, taller de naturopatía e formación en mobilización e cambios posturais. Participou no programa Pensa en ti da Deputación de Pontevedra que

permitiu a realización dun curso de técnicas de relaxación, combater o estrés e a ansiedade.
Outro programa desenvolvido foi o de Atención e acompañamento a persoas con discapacidade física nas actividades realizadas pola entidade.
Por último, a Obra Social "la Caixa" financiou o proxecto Actívate, que posibilitou poñer en marcha un programa de actividades terapéuticas que permitan mellorar as capacidades funcionais, psicolóxicas e sociais das persoas beneficiarias, mediante a implementación de estratexias terapéuticas co obxectivo de mellorar a calidade de vida e promover a propia autonomía persoal.
Tlf: 986 28 18 93 / 610 19 10 23
e-mail: fed.cogamipontevedra@cogami.es
web: www.cogamipontevedra.org

AMIZADE

Durante o ano 2015, entre as actividades desenvolvidas pola Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Pontevedra cabe destacar: un obradoiro de lecer inclusivo e un obradoiro de habilidades manuais. Ademais ofreceu servizos de información e asesoramento, fisioterapia e apoio psicolóxico; e continuou coas actividades de sensibilización social e política.
Tlf./fax: 986 84 52 50
e-mail: amizade@asociacionamizade.org
web: www.asociacionamizade.org
Facebook: Asociacion.Amizade

VONTADE

A Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade ao longo do ano 2015 levou cabo diversas actividades e servizos para persoas con discapacidade da comarca do Baixo Miño e concellos limítrofes como: o programa de rehabilitación e promoción da autonomía persoal, cos servizos de fisioterapia, educación social, terapia ocupacional e psicoloxía; o programa de Intervención Social e Atención Socio- Familiar; o programa de Educación para persoas adultas con talleres de novas tecnoloxías, de habilidades sociais, informática á carta, lectoescritura, manualidades e actividades de lecer e tempo libre que abarcaron saídas culturais e actividades náuticas adaptadas.
Nas instalacións do centro tamén se realizaron actividades formativas para a inserción socio-laboral con clases de apoio á ESO, un curso de Informática e outro de Controlador de accesos.
Durante o mes de agosto, como alternativa de conciliación laboral e familiar, o centro albergou un campamento de verán para menores con discapacidade. Tamén participou e colaborou en actividades externas á asociación para favorecer a inclusión, como a asistencia a clases de Zumba, Risoterapia, Xornadas Coidando ao Coidador, xornada de primeiros auxilios, xornadas de achegamento ás terapias asistidas con animais Encantados, I Xornada Disca-Quads, etc.
Actualmente ten 190 persoas asociadas.
Tlf: 986 62 30 44/ 674 031 264
Fax: 986 098 269
e-mail: info@vontade.org
web: www.vontade.org
Facebook: Asociacion.Vontade

AVANZAR

A Asociación de Persoas con Discapacidade do Umia-Ulla participou durante 2015 en charlas de sensibilización en colexios da zona, así como na semana Plurilingüe As Bizocas en O Grove onde, ademais dunha charla, realizou traballos manuais en coiro coas persoas asistentes.
Continuou cos cursos de traballos manuais e taller de coiro, e participaron na festa do lacón con grelos que organiza o concello de Cuntis onde instalaron un posto de venda de produtos que realizan nos cursos para poder darlles continuidade.
A finais de ano organizaron unha semana de hidroterapia no balneario, actividade que foi subvencionada pola Deputación de Pontevedra a través da Federación COGAMI da provincia.
Tlf. 689 641 996
e-mail: avanzar_umia_ulla@hotmail.com
Blog de la asociación:
Blogspotasociacionavanzar

ASODIFISI

A Asociación de Discapacitados Físicos y Psíquicos de Mos levou a cabo a consolidación do proxecto *"Respiro para familias con persoas con discapacidade ao seu cargo"* que engloba o groso das actividades que se levan a cabo dende a entidade: ximnasia de mantemento talleres de manualidades, de cociña para o fomento da autonomía no fogar, de xardinería "Sementamos", que permite interrelacionar a parte formativa coas saídas lúdicas na vida social da comunidade, a través da venda de plantas cultivadas no seu invernadoiro e as festas organizadas polo concello de Mos, como son: a Festa da Rosa, Arde o Pazo, Festa do codillo de Mos, Festa do Entroido e o Nadal. Ademais, participaron en actividades propias da entidade coma as xornadas anuais sobre discapacidade, os Maios, o Magosto, etc. Como novidade, este ano a través de COGAMI e coa colaboración da Deputación de Pontevedra, impartiuse un obradoiro de musicoterapia con grande aceptación por parte das persoas usuarias.
Tlf: 986 487 557 / 630 486 892
e-mail: asodifisi@cogami.es
Facebook: Asodifisi-Mos

AGL

A Asociación Galega de Linfedema durante 2015 mellorou a atención integral das persoas con linfedema a través do servizo de información, orientación e asesoramento. A través da asociación FEGEREC, proporcionou servizo de fisioterapia a través de drenaxe linfático manual e conmemorou eventos destacados como son os días do linfedema e da solidariedade, ademais de formar parte de conferencias en Vigo e A Coruña e de asistir a congresos en Barcelona e Vitoria.
Para darlle difusión á entidade, AGL participou en mercados benéficos en Pontecesures e Vilagarcía, na exposición "A vida galega en miniatura" e abriu unha páxina web coa intención

de difundir e dar a coñecer non só o traballo de AGL, senón tamén a enfermidade a través de diferentes noticias, reportaxes, estudos científicos, actividades por parte doutras entidades que traballan no mesmo eido, etc. O seu funcionamento prolóngase todo o ano.
Tlf: 986 505 443 / 630 024 428
e-mail: aglinfedema@yahoo.es
web: www.linfedemagalicia.com

ADAPTA

Durante o 2015, a Asociación de Discapacitados do Condado e Paradanta levou a cabo tres tipos de actividades: relacionadas coa saúde (fisioterapia, natación terapéutica, hidroterapia e ximnasia), informativas e de formación (obradoiro de informática á carta, dous cursos de iniciación á lingua de signos, un obradoiro de formación para coidadores de persoas dependentes, un obradoiro de manexo do estrés e da ansiedade, un curso de mobilizacións e cambios posturais de persoas dependentes, un curso sobre correo electrónico e a Internet, un obradoiro de mobilización e coidados de persoas dependentes e un obradoiro de horticultura), e actividades de lecer (presentación das handbikes, na que realizamos unha ruta pola praia fluvial da Freixa, e o acto benéfico "potenciando capacidades" onde pretendemos amosar a toda a poboación diferentes iniciativas culturais levadas a cabo por grupos integrados por persoas con discapacidade).
Tlf: 986 916 012 e 662 947 289
e-mail: crd.ponteareas@cogami.es
Facebook: asociacionadapta

ASEM GALICIA

Durante 2015, a Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares inaugurou novas instalacións en Vigo, un acto ao que asistiu como invitado o alcalde da cidade. Entre as actividades desenvolvidas destacan: excursións como a realizada co proxecto Coñece a túa provincia, un paseo a bordo do veleiro Laion pola ría de Ares e asistiron a un partido de fútbol en Riazor.
Tiveron actos benéficos a favor da entidade como un desfile de moda infantil, a presentación do libro "Estar delgada y en armonía con el universo", cuxo 5% das vendas van destinadas á entidade, e una concentración moteira en Valga. Este ano celebraron tamén a IV gala benéfica na que houbo teatro, música e monólogos.
O ano 2015 será lembrado por Asem Galicia porque foi a encargada de organizar o XXX Congreso Nacional das enfermidades neuromusculares, unha oportunidade para achegar profesionais socionsanitarios e persoas afectadas pola enfermidade neuromuscular e familiares.
Tlf: 986 378 001 e 698 140 728
e-mail: info@asemgalicia.com
web: www.asemgalicia.com
Facebook:
ASEMGalicia
Twitter: @AseMgalicia

Financeiros

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Erasmus+

FEADER:
Europa inviste no rural

Lifelong Learning Programme

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD

injuve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Secretaría Xeral de Política Social

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Deputación DA CORUÑA

Deputación Pontevedra

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

DEPUTACIÓN DE LUGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Concello de Lugo

Concello de Ferrol
www.ferrol.es

CONCELLO DE VIGO

AGDR 18
Grupo de Desenvolvemento Rural MAIV - Baixo Miño

agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Terras do Deza

Portos de Galicia

Fundación Vodafone España

Obra Social "la Caixa"

Fundación ONCE

fsc inserta

Popular

Fundación IBERDROLA

incorpora de "la Caixa"

unika

REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO DE GALICIA

COCEMFE

EGASA

E.O.P.R.I.M

FUNDACION mariafranciscade ROVIRALTA

BBVA

Fundación Barrié

Santiago
Rúa Modesto Brocos nº7, baixos
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tfno. 981 574 698
Fax: 981 105 061
correo@cogami.es
www.cogami.es

A Coruña
Edificio A Milagrosa
Avda. de Cádiz, nº1, 1º andar, local 2
15008 A Coruña
Tfno. 981 231 105
silcoruna@cogami.es

Ferrol
Rúa Sánchez Calviño, nº 56-58
15404 Ferrol (A Coruña)
Tfno. 981 325 568
silferrol@cogami.es

Lugo
Centro Fingoi
Rúa da Luz nº4 (Polígono Fingoi)
27002 Lugo
Tfno. 982 253 332
sillugo@cogami.es

Ourense
Centro Integral Aixiña
Rúa da Farixa, nº3B (Finca Sevilla)
32005 Ourense
Tfno. 988 246 057
silourense@cogami.es

Pontevedra
Rúa da Marquesa, nº5-7, 1ºD
36002 Pontevedra
Tfno. 986 863 709
silpontevedra@cogami.es

Vigo
Rúa Teixugueiras, nº 15, baixo. Navia
36212 Vigo
Tlf: 986 281 893
silvigo@cogami.es

Centro Mos
Avda. Do Rebullón, s/n Puxeiros
36416 Mos
Tlf: 986 487 925
crd.mos@cogami.es

Centro Monteporreiro
Rúa Alemaña, 23 baixo
36162 Pontevedra
Tlf: 986 845 250
crd.monteporreiro@cogami.es

Centro Medelo
Manduas- Lugar de Medelo, s/n
36570 Bandeira- Silleda (Pontevedra)
Tlf: 663 940 759
crd.silleda@cogami.es

Galega de Economía Social S.L.
Parque empresarial Costa Vella
República Checa, 17
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf: 981 519 026
ges@galegadeeconomiasocial.es
www.galegadeeconomiasocial.es

COGAMI

CONFEDERACIÓN GALEGA
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE